



**MEMORIA  
ECONÓMICA  
2019**

Informe de Auditoría de Contas Anuais da **CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE, (CO.GA.MI.)** do exercicio pechado ao **31/12/2019**.

Emitido por **Auditora Galega de Contas, S.L.P.** Sociedade de Auditoría inscrita no R.O.A.C. co número S1920. Domiciliada na rúa A Rosa nº 6 baixo. Santiago de Compostela.

**INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS EMITIDO POR UN AUDITOR INDEPENDENTE**

Aos membros da Asemblea Xeral da **CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE, (CO.GA.MI.)**, por encargo da Xunta Directiva:

**Opinión**

Temos auditado as contas anuais da **CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE, (CO.GA.MI.)**, que comprenden o balance **ao 31 de decembro de 2019**, a conta de resultados e a memoria correspondentes ao exercicio rematado en dita data.

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en tódolos aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da **CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE, (CO.GA.MI.) ao 31 de decembro de 2019**, así como dos seus resultados e fluxos de efectivo correspondentes ao exercicio anual rematado en dita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación (que se identifica na nota 2 da memoria) e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

**Fundamento da opinión**

Realizamos a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España. As nosas responsabilidades de acordo con ditas normas descríbense mais adiante na sección de Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais do noso informe.

Somos independentes da Entidade de conformidade cos requirimentos de ética, incluídos os de independencia, que son aplicables á nosa auditoría de contas anuais en España segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade da auditoría de contas. Neste sentido, non prestamos servicios distintos ós da auditoría de contas nin concorreron situacións ou circunstancias que, de acordo co establecido na citada normativa reguladora, afectasen á nosa necesaria independencia de xeito que se teña visto comprometida.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e axeitada para a nosa opinión.

**Aspectos máis relevantes da auditoría**

Os aspectos máis relevantes da auditoría son aqueles que, segundo o noso xuízo profesional, foron considerados como os riscos de incorrección material máis significativos na nosa auditoría das contas anuais do período actual. Estes riscos foron tratados no contexto da nosa auditoría das contas anuais no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre estes, e non expresamos unha opinión por separado sobre eses riscos.



Recoñecemento de ingresos por subvencións	
Descrición do risco	Procedementos aplicados na nosa auditoría
<p>CO.GA.MI. é unha entidade sen fins lucrativos obtendo unha meirande parte dos seus ingresos a partires de subvencións e axudas públicas (ver nota 18 da memoria) que contribúen a que poida desenrola-las súas actividades. O rexistro das mesmas faise na data da súa concesión e cando se cumpren as condicións esixidas. Ademais o seu rexistro implica a previsión de que ditas condicións se cumprirán no futuro. Dado o elevado importe das subvencións e o grao de estimación aparelado, temos considerado a partida de ingresos por subvencións un aspecto máis relevante para a nosa auditoría.</p>	<p>Os nosos procedementos de auditoría incluíron, entre outros:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A revisión dos procedementos e controis implantados para mitigar os riscos de erro ou fraude asociados ós procesos de rexistro dos ingresos obtidos por subvencións.</li> <li>• A comprobación de se a Entidade cumpre coas condicións establecidas nas bases e resolucións das axudas públicas ou privadas recibidas.</li> <li>• A comprobación de se o rexistro contable dos ingresos por subvencións responde a criterios e estimacións axeitadas sobre o cumprimento futuro das condicións esixidas. Especialmente se revisou se a imputación do ingreso respecta o criterio de correlación de ingresos e gastos.</li> <li>• A revisión de se, a través de feitos posteriores á data de peche, se coñeceu información adicional que puidese modificar as estimacións feitas.</li> <li>• Obtido confirmacións de terceiros sobre os saldos rexistrados a 31 de decembro para unha mostra de debedores por axudas concedidas.</li> <li>• Comprobación de que a Entidade informa axeitadamente na memoria sobre as subvencións recibidas, imputadas e non imputadas.</li> </ul>

#### Outra Información: Memoria de actividades.

A outra información comprende exclusivamente a **memoria de actividades do exercicio 2019**, cuxa elaboración é responsabilidade da Xunta Directiva da Entidade e non forma parte integrante das contas anuais.

A nosa opinión de auditoría sobre as contas anuais non cubre a memoria de actividades. A nosa responsabilidade sobre a memoria de actividades, de conformidade co esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas, consiste en avaliar e informar sobre a concordancia da memoria de actividades coas contas anuais, a partires do coñecemento da Entidade obtido na realización das citadas contas e sen incluír información distinta da obtida como evidencia durante a mesma. Do mesmo xeito, a nosa responsabilidade consiste en avaliar e informar de se o contido e presentación da memoria de actividades son conformes á normativa que resulta de aplicación. Se, con base no traballo que realizamos, concluímos que existen incorreccións materiais, estamos obrigados a informar diso.

Sobre a base do traballo realizado, segundo o descrito no parágrafo anterior, a información que contén a memoria de actividades concorda coa das **contas anuais do exercicio 2019**, e o seu contido e presentación son conformes coa normativa que resulta de aplicación.

#### Responsabilidade da Xunta Directiva en relación coas contas anuais.

Os membros da Xunta Directiva son responsables de formular as contas anuais adxuntas, de xeito que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da **CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE, (CO.GA.MI.)**, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á Entidade en España, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación de contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.



Na preparación das contas anuais, os membros da Xunta Directiva son responsables da valoración da capacidade da Entidade para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo corresponda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento excepto si a Xunta Directiva ten intención de liquidar a sociedade ou de cesar as súas operacións, ou ben non exista outra alternativa realista.

### Responsabilidade do auditor en relación da auditoría de contas anuais.


Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razoable de que as contas no seu conxunto están libres de incorrección material, debida a fraude ou erro, e emitir un informe de auditoría que contén a nosa opinión.

Seguridade razoable é un alto grado de seguridade pero non garante que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría vixente en España sempre detecte unha incorrección material cando existe. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e considéranse materiais se, individualmente ou de xeito agregado, pode preverse razoablemente que inflúan nas decisións económicas que os usuarios toman baseándose nas contas anuais.

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas en España aplicamos o noso xuízo profesional e mantemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda a auditoría. Tamén:

- Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro, deseñamos e aplicamos procedementos de auditoría para respostar a ditos riscos e obtemos evidencia de auditoría suficiente e adecuada para proporcionar unha base para a nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida a fraude é máis elevado que no caso de unha incorrección material debida a erro, xa que o fraude pode implicar colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erróneas, ou a elusión do control interno.
- Obtemos coñecemento do control interno relevante para a auditoría co fin de deseñar procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da Entidade.
- Avaliamos se as políticas contables aplicadas son axeitadas e a razoabilidade das estimacións contables e a correspondente información revelada pola Xunta Directiva.
- Concluimos sobre se é axeitada a utilización, pola Xunta Directiva, do principio contable de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluimos sobre se existe ou non unha incertidume material relacionada con feitos ou con condicións que poden xerar dúbidas significativas sobre a capacidade da Entidade para continuar como empresa en funcionamento. Se concluimos que existe unha incertidume material, requírese que chamemos a atención no noso informe de auditoría sobre a correspondente información revelada nas contas anuais ou, se ditas revelacións non son axeitadas, que expresemos unha opinión modificada. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría. Sen embargo, os feitos ou condicións futuros poden ser a causa de que a Entidade deixe de ser unha empresa en funcionamento.
- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das contas anuais, incluída a información revelada, e se as contas anuais representan as transaccións e feitos subxacentes de un xeito que acadan expresar a imaxe fiel.

Comunicámonos coa Xunta Directiva da Entidade en relación con, entre outras cuestións, o alcance e o momento de realización da auditoría planificados e os achados significativos da auditoría, así como calquera deficiencia significativa do control interno que identificamos no transcurso de la auditoría.



Entre os riscos significativos que foron obxecto de comunicación á Xunta Directiva da Entidade, determinamos os que foron de maior significatividade na auditoría das contas anuais do período actual e que son, en consecuencia, os riscos considerados máis significativos.

Descubrimos eses riscos no noso informe de auditoría salvo que as disposicións legais ou regulamentarias prohiban revelar publicamente a cuestión.

**AUDITORA GALEGA DE CONTAS, S.L.P. (ROAC nº: S1920)**

**AUDITORES**  
INSTITUTO DE CENSORES JURADOS  
DE CUENTAS DE ESPAÑA

**AUDITORIA GALEGA DE  
CONTAS, S.L.P.**

**2020 Núm. 04/20/00111**

**96,00 EUR**

SELLO CORPORATIVO:

Informe de auditoría de cuentas sujeto  
a la normativa de auditoría de cuentas  
española o internacional



**Francisco Servia Santos (ROAC nº: 8.812)**  
**Santiago de Compostela, 22 de Maio de 2020.**

**CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)**  
**BALANCE Ó PECHÉ DO EXERCICIO 2019**



ACTIVO	NOTAS DA MEMORIA	2.019	2.018	A) PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS DA MEMORIA	2019	2.018
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>		<b>11.795.395,76</b>	<b>12.233.005,51</b>	<b>A) PATRIMONIO NETO</b>		<b>10.665.038,35</b>	<b>10.790.987,15</b>
<b>I. Inmovilizado Intanxible</b>	<b>7</b>	<b>531.977,42</b>	<b>518.083,49</b>	<b>A-1) Fondos propios</b>	<b>9.3</b>	<b>4.329.705,34</b>	<b>4.206.239,95</b>
3. Patentes, licencias, marcas e similares		399,94	477,58	<b>I. Dotación fundacional/Fondo Social</b>		4.286.571,21	4.194.452,10
5. Aplicacións Informáticas		116,29	408,53	1. Fondo Social		4.286.571,21	4.194.452,10
6. Dereitos sobre activos cedidos en uso		463.174,71	495.810,63	<b>II. Reservas.</b>		<b>-165.293,13</b>	<b>-148.249,95</b>
7. Outro inmovilizado Intanxible		68.286,48	21.386,75	2. Outras reservas		-165.293,13	-148.249,95
<b>III. Inmovilizado Material</b>	<b>5</b>	<b>4.611.499,26</b>	<b>4.899.914,56</b>	<b>III. Excedentes de exercicios anteriores</b>		<b>67.918,69</b>	<b>67.918,69</b>
1. Terreo e construcións		4.145.700,18	4.341.278,07	1. Remanente		67.918,69	67.918,69
2. Instalacións técnicas, e outro inmovilizado material		465.799,08	558.636,49	<b>IV. Excedentes do exercicio</b>	<b>3</b>	<b>140.508,57</b>	<b>92.119,11</b>
3. Inmovilizado en curso e anticipos				<b>A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos</b>	<b>18</b>	<b>6.335.333,01</b>	<b>6.584.747,20</b>
<b>V. Inversións en empresas e entidades do grupo e asociadas a l/p</b>	<b>9.1</b>	<b>5.092.331,02</b>	<b>5.092.331,02</b>	<b>I. Subvencións</b>		<b>4.803.409,25</b>	<b>5.052.823,44</b>
1. Instrumentos de patrimonio		5.092.331,02	5.092.331,02	<b>II. Doazóns e legados</b>		<b>1531923,76</b>	<b>1.531.923,76</b>
- Deterioro valor instrumentos patrimonio							
2. Créditos a entidades		14.650,73	14.650,73				
- Deterioro valor créditos a entidades		-14.650,73	-14.650,73				
<b>VI. Inversións financeiras a longo prazo</b>	<b>9.1</b>	<b>5.695,66</b>	<b>5.860,51</b>				
2. Créditos a terceiros		5.695,66	5.860,51				
5. Outros activos financeiros							
<b>VII. Deudores non correntes a longo prazo</b>	<b>9.1</b>	<b>1.553.892,40</b>	<b>1.716.815,93</b>				
1. Clientes deudores por subvencións l/p		1.553.892,40	1.716.815,93				
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>		<b>3.425.207,92</b>	<b>3.428.717,55</b>	<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>		<b>1.553.918,49</b>	<b>1.716.815,93</b>
<b>II. Existencias</b>	<b>10</b>	<b>5.037,65</b>	<b>5.037,65</b>	<b>II. Débedas a longo prazo</b>	<b>9.2</b>	<b>1.553.918,49</b>	<b>1.716.815,93</b>
1. Bens destinados á actividade		5.037,65	5.037,65	2. Débedas con entidades de crédito			
3. Produtos en curso				5. Outros pasivos financeiros		1.464.516,09	1.716.815,93
4. Produtos terminados				6. Beneficiarios e acreedores		89.402,40	
6. Anticipo provedores							
<b>III. Usuarios e outros deudores da actividade propia</b>	<b>9.1</b>	<b>37.190,85</b>	<b>30.328,42</b>				
<b>IV. Deudores comerciais e outras contas a cobrar</b>		<b>3.243.281,56</b>	<b>3.293.528,67</b>				
1. Clientes deudores por subvencións		2.714.170,51	2.649.129,67				
1. Deterioro do valor crédito da actividade		-30.327,00	-30.327,00				
2. Clientes empresas do grupo e asociadas		25.498,66	103.348,17				
2. Deterioro do valor crédito da actividade		-17.644,43	-17.644,43				
3. Deudores varios		540.277,20	586.636,05				
4. Persoal		34,32	291,98				
5. Facenda Pública debedora por impostos		0,00	768,25				
6. Outros créditos coas Administracións Públicas		11.272,30	1.325,98				
<b>V. Inversións en empresas e entidades do grupo e asociadas a c/p</b>	<b>9.1</b>	<b>94.585,76</b>	<b>43.035,77</b>				
2. Créditos a entidades		94.585,76	43.035,77				
5. Outros activos financeiros							
<b>VI. Inversións financeiras a curto prazo</b>	<b>9.1</b>	<b>94,64</b>	<b>94,64</b>				
2. Créditos a curto prazo		0,00	0,00				
5. Outros activos financeiros		94,64	94,64				
<b>VII. Periodificacións a curto prazo</b>		<b>7.745,06</b>	<b>6.926,14</b>				
1. Tesorería		37.272,40	49.766,26				
		37.272,40	49.766,26				
				<b>C) PASIVO CORRENTE</b>		<b>3.001.646,84</b>	<b>3.153.919,98</b>
				<b>III. Débedas a curto prazo</b>	<b>9.2</b>	<b>2.082.712,92</b>	<b>2.738.431,27</b>
				2. Débedas con entidades de crédito			
				3. Acreedores por arrendamento financeiro		573.955,94	878.759,46
				5. Outros pasivos financeiros	<b>9.2; 19</b>	<b>1.508.756,98</b>	<b>1.859.671,81</b>
				<b>IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo</b>		<b>386.366,50</b>	<b>81.517,87</b>
				<b>V. Beneficiarios-Acreedores</b>	<b>9.2</b>	<b>181.635,92</b>	<b>11.960,44</b>
				<b>VI. Acreedores comerciais e outras contas a pagar</b>		<b>350.931,50</b>	<b>318.010,40</b>
				1. Proveedores		6.893,71	19.829,47
				2. Proveedores, empresas do grupo e asociadas	<b>9.2; 24</b>	<b>9.888,80</b>	<b>13.867,59</b>
				3. Acreedores varios	<b>9.2</b>	<b>77.867,47</b>	<b>92.164,92</b>
				4. Persoal (remuneracións ptes pago)	<b>9.2</b>	<b>41.288,70</b>	<b>18.034,98</b>
				5. Pasivos por imposto corrente			
				6. Outras débedas coas Administracións Públicas	<b>12</b>	<b>214.992,82</b>	<b>174.113,44</b>
				7. Anticipos recibidos			
				<b>VII. Periodificacións a curto prazo</b>			<b>4.000,00</b>
<b>TOTAL ACTIVO (A + B)</b>		<b>15.220.603,68</b>	<b>15.661.723,06</b>	<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B+ C)</b>		<b>15.220.603,68</b>	<b>15.661.723,06</b>

As notas que se achegan na memoria forman parte deste balance

*[Handwritten signatures and notes in blue ink on the left margin, including a large signature at the bottom left.]*

*[Handwritten signatures and notes in blue ink on the right margin, including a large signature at the bottom right.]*

*[Handwritten signatures and notes in blue ink at the bottom of the page, including a signature that reads 'M. Couso'.]*

~~Handwritten scribble~~

X

Handwritten signature

~~Handwritten signature~~

~~Handwritten signature~~

Handwritten signature

Handwritten mark

**CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE  
 CONTA DE RESULTADOS CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO REMATADO O  
 31 DE DECEMBRO DE 2019**



	NOTA	(Debe) Haber	(Debe) Haber
		2019	2018
<b>A) EXCEDENTE DO EXERCICIO</b>			
<b>1. Ingresos da entidade pola actividade propia</b>		<b>4.348.641,72</b>	<b>3.856.949,63</b>
a) Cotas de afiliados e asociados			
b) Aportacións de usuarios	9.1	548.675,89	481.197,44
c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións	9.1	5.500,00	5.660,00
d) Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados a resultados do exercicio afectas á actividade propia	9.1	3.689.679,01	3.245.605,00
e) Donacións e legados imputados o excedente do exercicio		104.786,82	124.487,19
f) Reintegro de axudas e asignacións			0,00
<b>2. Ventas e outros ingresos ordinarias da actividade mercantil</b>		<b>3.670.646,72</b>	<b>3.241.750,66</b>
<b>3. Axudas monetarias e outros</b>		<b>-27.193,00</b>	<b>-33.389,55</b>
a) Axudas monetarias	13	-4.408,75	-25.516,50
b) Axudas non monetarias		-9.228,00	0,00
c) Gastos por colaboracións e de órgano de goberno		-10.219,87	-7.873,05
b) Reintegro de subvencións doazóns e legados		-3.336,38	
<b>4. Variación de existencias de productos terminados e en curso de fabricación</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>5. Traballos realizados pola entidade para a actividade</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>6. Aprovisionamentos</b>	13	<b>-703.929,59</b>	<b>-665.815,50</b>
<b>7. Outros ingresos da actividade</b>		<b>22.283,52</b>	<b>17.474,24</b>
<b>8. Gastos de persoal</b>	13	<b>-6.090.475,54</b>	<b>-5.317.511,81</b>
a) Suelos, salarios e asimilados		-4.995.894,79	-4.432.780,29
b) Cargas sociais		-1.094.580,75	-884.731,52
<b>9. Outros gastos da actividade</b>		<b>-1.006.363,73</b>	<b>-914.486,04</b>
a) Servizos exteriores	13	-975.743,64	-879.105,77
b) Tributos		-10.961,69	-9.205,89
c) Pérdidas, deterioro e variación de provisións por operacións comerciais.		-2.156,32	-11.153,60
d) Outros gastos en xestión corrente		-17.502,08	-15.020,78
<b>10. Amortización do inmovilizado</b>	5-7	<b>-472.006,27</b>	<b>-457.159,12</b>
<b>11. Subvencións, doazóns, e legados de capital traspasados ó resultado do exercicio</b>	18	<b>433.073,49</b>	<b>421.460,31</b>
a) Afectas á actividade propia		433.073,49	421.460,31
<b>12. Exceso de provisións</b>			
<b>13. Deterioro e rdo enaxenac.inmovilizado</b>		1.000,00	-2.542,01
<b>A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE</b>		<b>175.677,32</b>	<b>146.730,81</b>
<b>14. Ingresos financeiros</b>		<b>11,89</b>	<b>0,43</b>
b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros			
b2) De terceiros		11,89	0,43
<b>15. Gastos financeiros</b>		<b>-31.670,14</b>	<b>-37.050,89</b>
a) Por débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas		-5.127,16	-5.099,99
b) Por débedas con terceiros		-26.542,98	-31.950,90
<b>18. Deterioro e resultado por enaxenacións de instrumentos</b>	9.1	<b>-3.510,50</b>	<b>-17.561,24</b>
a) Deterioro e perda		-3.510,50	-17.561,24
b) Resultados por enaxenacións e outras			
<b>A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIONES FINANZEIRAS</b>		<b>-35.168,75</b>	<b>-54.611,70</b>
<b>A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS</b>		<b>140.508,57</b>	<b>92.119,11</b>
<b>19. Imposto sobre beneficios</b>	12		0,00
<b>A.4) VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO RECOÑECIDONO EXCEDENTE DO EXERCICIO</b>	3	<b>140.508,57</b>	<b>92.119,11</b>
<b>C) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O</b>			
1 Subvencións recibidas		183.659,30	166.521,69
2 Doazóns e legados recibidos		104.786,82	124.487,19
3 Outros ingresos e gastos			
4 Efecto impositivo			
<b>C 1) VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO</b>		<b>288.446,12</b>	<b>291.008,88</b>
<b>D) RECLASIFICACIONES O EXCEDENTE DO EXERCICIO</b>			
1 Subvencións recibidas		-433.073,49	-421.460,31
2 Doazóns e legados recibidos		-104.786,82	-124.487,19
3 Outros ingresos e gastos			
4 Efecto impositivo			
<b>D 1) VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO POR RECLASIFICACIONES O EXCEDENTE DO EXERCICIO</b>		<b>-537.860,31</b>	<b>-545.947,50</b>
<b>E) VARIACION DO PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO</b>		<b>-249.414,19</b>	<b>-254.938,62</b>
<b>F) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIOS</b>			
<b>G) AXUSTES POR ERROS</b>		<b>-16.252,45</b>	<b>-15.511,14</b>
<b>H) VARIACIÓN NA DOTACIÓN FUNDACIONAL O FONDO SOCIAL</b>			
<b>I) OUTRAS VARIACIONES</b>		<b>108,37</b>	
<b>J) RESULTADO TOTAL, VARIACION DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO</b>		<b>-125.049,70</b>	<b>-178.330,65</b>

As notas que se achegan na memoria forman parte desta Conta de Resultados

*Handwritten signatures and notes on the left margin, including a large signature at the bottom left.*

*Handwritten signatures and notes on the right margin, including a large signature at the bottom right.*

*Handwritten signatures and notes at the bottom of the page, including a signature that appears to be 'H. Carral'.*

~~TS~~

dis b h

~~S~~

~~BT~~

~~John~~

~~AC~~

~~Juan~~

~~Al~~

~~de~~

~~Frank~~

~~John~~

~~John~~

McCombe Fdn.


~~BT~~



**CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE:  
MEMORIA NORMAL DAS CONTAS ANUAIS DO EXERCICIO 2019.**

## ÍNDICE

1. Actividade da entidade.
2. Bases de presentación das contas anuais.
3. Aplicación de resultados.
4. Normas de rexistro e valoración.
5. Inmobilizado material.
6. Inversións inmobiliarias.
7. Inmobilizado intanxible.
8. Alugueres e outras operacións de natureza similar.
9. Instrumentos financeiros
10. Existencias.
11. Moeda estranxeira.
12. Situación fiscal.
13. Ingresos e gastos.
14. Provisións e continxencias.
15. Información sobre medioambiente.
16. Retribucións a longo prazo ao persoal.
17. Transaccións con pagos baseados en instrumentos de patrimonio.
18. Subvencións, doazóns e legados.
19. Fusión entre entidades non lucrativas e combinacións de negocios.
20. Negocios conxuntos.
21. Activos non correntes mantidos para a venda e operacións interrompidas.
22. Feitos posteriores ao peche.
23. Operacións con partes vinculadas.
24. Outra información.
25. Información segmentada.
26. Información sobre a liquidación do presuposto.
27. Estado de Fluxos de Efectivo
28. Inventario



## 1. ACTIVIDADE DA ENTIDADE.

### 1.1.- Natureza.

COGAMI foi constituída o vinte tres de abril de mil novecentos noventa, baixo a denominación de "Confederación de Federaciones Provinciais de Minusválidos del País Gallego", ao amparo do Regulamento do 20 de Maio de 1965 e actualmente da Lei de Asociacións do 24 de decembro de 1.994.

A denominación actual, "CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE" (COGAMI), foi adoptada pola Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada con data do 9 de xuño de 2007, quedando inscrita con esta denominación no Rexistro da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o 17 de setembro de 2007.

O seu domicilio social está localizado en Santiago de Compostela, Rúa Modesto Brocos, nº 7 terceiro bloque baixo.

COGAMI é unha entidade sen fin de lucro, declarada de utilidade pública o 15 de maio de 2004, ademais de ter recoñecida a condición de entidade de carácter social polo Ministerio de Economía e Facenda, e figurar inscrita nos rexistros correspondentes da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, no da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais como entidade prestadora de Servizos Sociais, no da Consellería de Familia como entidade prestadora de Servizos Sociais na área da muller, familia, infancia, menores e minorías étnicas e no rexistro da Consellería de Presidencia como axente de cooperación para o desenvolvemento.

### 1.2.- Actividade.

A actividade está relacionada co obxecto social da entidade, consistindo fundamentalmente na execución de accións en beneficio das persoas con discapacidade física, que se realizan por mediación da propia Confederación, e das Federacións e Asociacións que ostentan a condición de membro da Entidade, e son financiadas por subvencións ou aportacións do Estado e doutras entidades.

Outras actividades relacionadas cos fins sociais consisten na representación dos seus membros ante as Administracións Públicas e os diferentes Axentes Sociais para a defensa dos intereses xerais das persoas con discapacidade física. Así mesmo COGAMI promove a cooperación con organizacións similares de todo o mundo.

Así mesmo, COGAMI tamén presentou declaración de I.V.E. polos servizos prestados de suministro de persoal do servizo de intermediación laboral, servizos de formación a empresas, alugueres de vehículos, polos alugueres de aulas espazos, servizos de apoio na implementación de proxectos.

COGAMI participa directamente en sociedades mercantís, adicadas a diversos obxectos sociais, pero sempre co obxectivo de dar emprego a persoas con algún tipo de discapacidade. Neste senso COGAMI participa maioritariamente, entre outras, en GALEGA DE ECONOMÍA SOCIAL, S.L. que á súa vez é a entidade dominante dun grupo de sociedades segundo o expresado no artigo 42 do Código de Comercio. Non obstante COGAMI non consolida as súas contas anuais coas súas sociedades dependentes, atendendo ao *Real Decreto 1491/2011 do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade as entidades sen fins lucrativos*, que circunscribe dita obriga ás fundacións de competencia estatal. Así se deduce do punto IV da exposición de motivos e a Disposición adicional primeira do citado Real Decreto. Mediante a anterior regulación recóllese a obriga imposta ás Fundacións polo artigo 25.9 da súa reguladora *Lei 50/2002 do 26 de decembro, de fundacións de competencia estatal*. Polo tanto entendemos esta obriga só para o caso das fundacións estatais e non de maneira xeneralizada ás restantes entidades reguladas polo RD 1491/2011 antes referido. Damos información sobre as sociedades dependentes no punto desta memoria referido aos activos financeiros.

A moeda funcional coa que opera a entidade é o euro. Para formular os estados financeiros en € seguíronse os criterios establecidos no Plan Xeral Contable tal e como figura no apartado 4, Normas e rexistro de valoración.

*[Handwritten signatures and scribbles in blue ink on the left margin]*

*[Handwritten signature in blue ink on the right margin]*

*[Handwritten signature in blue ink on the right margin]*

*[Handwritten signatures and scribbles in blue ink at the bottom of the page]*



## 2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS.

### 2.1. Imaxe fiel.

As contas anuais do exercicio 2019 foron elaboradas a partir dos rexistros contables da Confederación a 31 de decembro de 2019 e nelas aplicáronse os principios contables e criterios de valoración recollidos no *Real Decreto 1491/2011, de 24 de Outubro polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos* e o modelo de plan de actuación para as entidades sen fins lucrativos. Tamén se aplica a *posterior Resolución de 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidad y Auditoría de Cuentas, pola que se aproba o Plan de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos* e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable e mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade, así como dos seus fluxos de efectivo. En todos aqueles aspectos non recollidos nesta disposición aplicaranse os principios contables e criterios de valoración recollidos no *Real Decreto 1514/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable.*

Non existen razóns excepcionais polas que, para amosa-la imaxe fiel non se teñan aplicado disposicións legais en materia contable.

### 2.2. Principios contables.

Para a elaboración das contas do exercicio 2019 seguíronse os principios contables xeralmente aceptados establecidos no Código de Comercio e no Plan Xeral de Contabilidade aprobado por *Real Decreto 1514/2007, de 16 de novembro, o RD 1491/2011, a Resolución de 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidad y Auditoría de Cuentas,* e especialmente tivéronse presentes as normas de valoración descritas na Nota 4. Non existe ningún principio contable obrigatorio que, sendo significativo o seu efecto, se deixase de aplicar na elaboración das contas anuais que agora se formulan.

### 2.3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incertidume.

A Confederación elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de entidade en funcionamento, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supor cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte. Para iso o órgano de administración considerou a situación de alarma sanitaria pola pandemia xerada polo COVID-19 no momento da formulación das contas anuais e os seus posibles efectos na entidade, non existindo risco de continuidade.

Nas contas anuais adxuntas usáronse estimacións realizadas pola dirección da entidade, referidos basicamente á vida útil dos inmovilizados materiais e intanxibles. No caso de que no futuro deban ser cambiadas estas estimacións por un meirande coñecemento, axustaríanse de maneira prospectiva os valores contables afectados.

### 2.4. Comparación da información.

Aos efectos da obriga establecida no artigo 35.6 do Código de Comercio e aos efectos derivados da aplicación do principio de uniformidade e do requisito da comparabilidade, os estados contables preséntanse en bases comparativas e uniformes respecto do exercicio anterior.

### 2.5. Agrupación de partidas.

As contas anuais non teñen ningunha partida que fora obxecto de agrupación no balance, ou na conta de perdas e ganancias adxuntos.

### 2.6. Elementos recollidos en varias partidas.

Non existen elementos recollidos en varias partidas, salvo aquelas que esixan a súa clasificación contable polo seu vencemento a corto prazo e longo prazo, que se rexistran nos epígrafes de activos e pasivos correntes e non correntes.

*[Handwritten signatures in blue ink on the left margin]*

*[Handwritten signatures in blue ink on the right and bottom margins]*



## 2.7. Cambios en criterios contables.

Non existen axustes por cambios en criterios contables realizados no exercicio.

## 2.8. Corrección de erros.

O importe das correccións realizadas no exercicio 2019 por erros correspondentes a exercicios pasados ascenderon a -16.252,45 euros netos (-15.511,14 euros netos no exercicio 2018).

### 3. APLICACIÓN DE RESULTADOS.

A proposta de distribución de resultados do exercicio que finaliza o 31 de decembro de 2018, e a aplicación realizada efectivamente do resultado do exercicio anterior detállase no seguinte cadro:

Concepto	Aplicado exercicio 2018	Proposta de aplicación do resultado 2019
Excedente do exercicio	92.119,11	140.508,57
<b>Aplicación</b>		
A Fondo Social	92.119,11	140.508,57
A excedentes negativos de exercicios anteriores		

A Xunta directiva de COGAMI considera que a proposta de aplicación do resultado do exercicio detallada será aprobada finalmente pola Asemblea Xeral de socios sen modificacións.

As contas anuais correspondentes ó exercicio 2018 foron aprobadas por unanimidade o 3 de maio de 2019.

Non existen limitacións para a aplicación dos excedentes de acordo coas disposición legais.

### 4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN.

Con carácter xeral, a Confederación aplicou os criterios e normas de valoración recollidos no Real Decreto 1514/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, o R.D. 1491/2011 polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral Contable ás entidades sen fins lucrativos e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable.

#### 4.1. Inmobilizado intanxible.

Os custos incorridos nestas partidas valóranse polos importes satisfeitos para a súa adquisición ou para o dereito ao uso de programas informáticos. O prezo de adquisición incorpora o imposto sobre o valor engadido soportado nas adquisicións por non ser deducible para a Entidade. Asemade os dereitos de uso valoráronse segundo o valor razoable do dereito cedido en uso gratuitamente á Confederación, rexistrando como contraparte unha doazón valorada polo mesmo importe.

Prevese que o seu emprego abranguerá varios exercicios, e preséntanse ditos inmovilizados netos da súa correspondente amortización acumulada, calculada segundo o método lineal. As porcentaxes anuais de amortización son como seguen:



Elementos	Anos de vida útil estimada	Porcentaxe
Propiedade Industrial	10 anos	10%
Aplicacións Informáticas	10 anos	10%
Dereito sobre activos cedidos en uso(terreo Medelo)	30 anos	3,33%
Dereito sobre activos cedidos en uso(terreo Mos e Fingoi)	20 anos	5%

Os gastos de mantemento das aplicacións informáticas impútanse directamente como gastos do exercicio no que se producen.

A entidade non ten activos non xeradores de fluxos de efectivo.

#### 4.2. Inmobilizado material.

Os bens comprendidos no inmobilizado material preséntanse valorados ao seu prezo de adquisición ou ó seu custo de produción, aos que, no seu caso, se incorpora o importe das inversións adicionais ou complementarias que se realicen, con igual criterio de valoración, sempre que representen un aumento da produtividade, capacidade ou eficiencia, ou un alargamento da vida útil dos bens. O prezo de adquisición incorpora o imposto sobre o valor engadido soportado nas adquisicións por non ser deducible para a Entidade.

Os gastos de conservación e mantemento incorridos durante o exercicio cárganse á conta de perdas e ganancias.

A Entidade amortiza o seu inmobilizado material seguindo o método lineal, distribuindo o custo dos activos entre os anos de vida útil estimada, resultando unha porcentaxe de aplicación, segundo o seguinte detalle:

Elementos	Anos de vida útil estimada	Porcentaxe
Construcións	50-23 anos	2- 4,34%
Instalacións técnicas	10 anos	10%
Utilexe	3-4 anos	30%
Mobiliario	10 anos	10%
Equipos para proceso de Información	4 anos	25%
Elementos de transporte	4 anos	25%
Outro inmobilizado	4-10 anos	25-10%

A Confederación non ten compromisos de desmantelamento, retiro ou rehabilitación para os seus bens de activo, por iso non se contabilizaron nos activos os valores para a cobertura de tales obrigas de futuro. A xunta de goberno da entidade considera que o valor contable dos activos non supera o valor recuperable dos mesmos. Rexistrárase a perda de valor por deterioro dun elemento de inmobilizado material cando o seu valor neto contable supere o seu importe recuperable. Os custos de ampliación ou mellora que dean lugar a un alongamento da vida útil dos bens, incorpóranse como maior valor do activo. Durante o exercicio 2019 non se produciu esta circunstancia.

Non existen bens que pola súa natureza deban ser considerados non xeradores de fluxos de efectivo.

*Vertical handwritten notes and signatures on the left margin.*

*Vertical handwritten notes and signatures on the right margin.*

*Multiple handwritten signatures and initials at the bottom of the page.*



### 4.3. Bens integrantes do Patrimonio Histórico

Os bens de Patrimonio Histórico aplicase a aqueles elementos recollidos na lei 16/1985, de 25 de Xuño, del Patrimonio Histórico Español. Son bens que a comunidade considera oportuno preservar por razóns de índole artística ou cultural, sendo un dos seus trazos característicos o feito de que non se poden substituír.

As normas de valoración aplicadas ó inmovilizado material aplicaranse ós Bens de Patrimonio Histórico.

A entidade non dispón de bens de este tipo.

### 4.4. Inversións Inmobiliarias.

A entidade clasifica como inversións inmobiliarias aqueles activos non correntes que sexan inmobles e que posúa para obter rendas, plusvalías ou ambas, en vez de para o seu uso na produción ou subministro de bens e servizos, ou ben para fins administrativos, ou a súa venta no curso ordinario das operacións.

A entidade non posuía nin posúe ningún elemento que podería ser cualificado como inversión inmobiliaria durante nin a finais do exercicio económico do que se formulan as presentes contas anuais.

### 4.5. Alugueres.

Cando a Entidade actúa como arrendataria, suxeita a contratos de arrendamento cualificados como operativos, os gastos por arrendamento cárganse na conta de perdas e ganancias en función dos acordos e da vida do contrato atendendo sempre ao principio de devengo.

Os activos adquiridos mediante arrendamento financeiro rexístranse de acordo coa súa natureza, polo menor entre o valor razoable do activo e o valor actual ao inicio do arrendamento dos pagos mínimos acordados, contabilizándose un pasivo financeiro polo mesmo importe. Os pagos polo arrendamento distribúense entre os gastos financeiros e a redución do pasivo. Aos activos aplícanse os mesmos criterios de amortización, deterioro e baixa que ao resto de activos da súa natureza.

En aqueles inmovilizados que a entidade arrendase a terceiros os ingresos derivados rexístranse na conta de perdas e ganancias cando se devengan. Os custos directos imputables ao contrato inclúense como maior valor do activo arrendado, e recoñécense como gasto durante o prazo do contrato, aplicando o mesmo criterio utilizado para o recoñecemento dos ingresos do arrendamento.

### 4.6. Permutas.

Nas permutas de carácter comercial valórase o activo recibido polo valor razoable do entregado co límite do valor razoable do activo recibido. Nas de carácter non comercial o inmovilizado recibido valórase polo valor contable do ben entregado, co límite do valor razoable do recibido se este fose menor.

A Confederación non realizou permuta ningunha durante o exercicio económico do que se formulan contas.

Non existen activos non xeradores de fluxos de efectivo permutados no exercicio.

### 4.7. Instrumentos financeiros.

A entidade ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha entidade e, simultaneamente, a un pasivo ou instrumento de patrimonio na contraparte. Considéranse por tanto, instrumentos financeiros os seguintes:

#### a) Activos financeiros:

A efecto da súa valoración posterior, os activos financeiros inclúense entre as categorías seguintes:

- *Préstamos e partidas a cobrar.* os créditos por operacións de actividade propia e comerciais e outros debedores con vencemento non superior a un ano valóranse polo seu valor nominal.



Ao peche do exercicio realízanse as correspondentes correccións valorativas precisas atendendo á cobrabilidade futura do saldo. Neste epígrafe, inclúense tamén os saldos pendentes de cobrar de subvencións outorgadas a COGAMI, independentemente de que as mesmas estean executadas ou aínda non executadas, en ámbolos dous casos recóllese a débeda pola subvención concedida que se estima cobrar sempre nun prazo inferior ao ano.

- *Activos mantidos ata o seu vencemento:* inclúe este epígrafe os valores representativos de débeda con data de vencemento fixada, cobros de contía determinada ou determinable, que se negocian nun mercado activo e sobre os que a Confederación manifesta a súa intención de conservar ata o seu vencemento. Estes activos valóranse a custo amortizado. Ao peche do exercicio realízanse as correccións valorativas por deterioro necesarias.
- *Activos financeiros mantidos para negociar:* inclúen activos financeiros adquiridos co propósito de vendelos no curto prazo. Estes activos valóranse posteriormente ao seu valor razoable e no seu caso, os cambios de valor razoable rexístranse directamente na conta de perdas e ganancias.
- *Inversións en Entidades do grupo e asociadas:* constituídas fundamentalmente por participacións no capital de certas sociedades. Valóranse inicialmente a custo (contraprestación entregada) máis os custos da transacción, a fin de exercicio avalíase a recuperabilidade futura da inversión, deteriorando o valor da inversión en caso de que non sexa recuperable.
- *Fianzas:* corresponden ás cantidades pagadas aos propietarios dos locais arrendados, cuxo importe corresponde normalmente a un mes de arrendamento do local, están rexistradas polos importes entregados estimándose que o seu valor non difire substancialmente do seu valor razoable.

#### b) Pasivos financeiros:

- *Débitos e partidas a pagar a entidades financeiras:* valóranse inicialmente polo seu valor razoable, que equivale ao importe recibido deducidos os custos de transacción, e posteriormente polo seu custo amortizado. Os intereses devengados contabilízanse na conta de perdas e ganancias aplicando o método do tipo de interese efectivo.
- *Débitos e partidas a pagar por operacións comerciais e outras* con vencemento non superior a un ano, valóranse polo seu valor nominal.

#### 4.8. Existencias.

As existencias están valoradas a prezo de adquisición ou a custo de produción (segundo se trate de Outros aprovisionamentos ou de Produtos Rematados). O prezo de adquisición é o importe facturado polo proveedor, deducidos os descontos e os intereses incorporados ao nominal dos débitos máis os gastos adicionais para que as existencias se atopen situadas para a súa venda: transportes, aranceis, seguros e outros atribuíbles á adquisición.

A entidade non dispón de existencias non xeradoras de fluxos de efectivo.

As entregas realizadas en cumprimento dos fins da entidade, contabilízanse como un gasto polo valor contable dos bens entregados.

Se o valor de realización das existencias se considera inferior ao valor polo que figuran rexistradas procédese a realizar a correspondente corrección por deterioro.

#### 4.9. Efectivo e activos líquidos equivalentes ao efectivo.

Este epígrafe do balance de situación adxunto inclúe o efectivo na caixa, os depósitos á vista en entidades de crédito e outras inversións a curto prazo de grande liquidez cun vencemento orixinal inferior ou igual a tres meses, e onde os custos derivados da cancelación anticipada do depósito son insignificantes en relación a contía do depósito.

*Verbas de...*

*[Handwritten signatures and scribbles in blue ink on the left margin]*

*[Handwritten signature and scribbles in blue ink on the right margin]*

*[Multiple handwritten signatures and scribbles in blue ink at the bottom of the page]*



#### 4.10. Transaccións en moeda estranxeira.

A entidade non realiza ningún tipo de transacción en moeda estranxeira.

#### 4.11. Imposto sobre beneficios.

O gasto por imposto corrente determinase mediante a suma do gasto por imposto corrente e o imposto diferido.

- O gasto por imposto corrente determinase aplicando o gravame vixente á ganancia fiscal, e minorando o resultado así obtido no importe das bonificacións e deducións xerais e aplicadas no exercicio.
- Os activos e pasivos por impostos diferidos, proceden das diferenzas temporais definidas como os importes que se prevén pagadoiros ou recuperables no futuro e que derivan na diferenza entre o valor en libros dos activos e pasivos e a súa base fiscal. Ditos importes rexístranse aplicando á diferenza temporaria o tipo de gravame ao que se espera recuperalos ou liquidalos. Non obstante, as bases impositivas negativas pendentes de compensación e os créditos por deducións fiscais non aplicadas fiscalmente non se contabilizan ata o momento que resultan efectivos. Estes importes rexístranse aplicando á diferenza temporaria o tipo de gravame ao que se espera recuperalos ou liquidalos.
- Recoñécense activos por imposto diferido cando, atendendo ao principio de prudencia, resulte probable a súa aplicación futura por dispoñer de ganancias fiscais suficientes. En cada peche contable revísanse os impostos diferidos rexistrados (tanto activos como pasivos) co obxecto de comprobar que se manteñen vixentes, efectuándose as oportunas correccións ós mesmos, de acordo cos resultados dos análises realizados.

#### 4.12. Ingresos e gastos.

Os ingresos e gastos impútanse en función do criterio de devengo con independencia do momento no que se produce a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

Os ingresos pola venda de bens ou servizos recoñécense polo valor razoable da contrapartida recibida ou a recibir derivada dos mesmos. Os descontos por pronto pago, por volume ou outro tipo de descontos, así como os intereses incorporados ó nominal dos créditos, rexístranse como unha minoración dos mesmos. Nembargantes, a entidade inclúe os intereses incorporados ós créditos comerciais con vencemento non superior a un ano que non teñen un tipo de interese contractual, dado que o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.

Os gastos contabilízanse polo principio de devengo e prezo de adquisición, mentres que a contabilización das axudas outorgadas pola entidade (axudas monetarias a entidades) realízase no momento da aprobación das mesmas e polo importe concedido.

Os gastos de persoal rexístranse tamén atendendo ao principio de devengo, incluíndo a periodificación de pagas extras cando fose necesario. Non existen compromisos por pensións a valorar.

As cotas de usuarios e outros ingresos contabilízanse no ano que corresponden independentemente do momento de cobro dos mesmos, efectuando as periodificacións cando sexa necesario.

As actividades desenvolvidas pola Entidade están exentas do Imposto sobre o Valor Engadido, polo que tódalas cotas soportadas por este imposto nas adquisicións en xeral constitúen un custo adicional das mesmas.

As actividades non exentas (os alugueres e prestación de servizos por persoal propio a empresas do grupo) xeran I.V.E. a pagar no exercicio 2019.

Os anticipos a conta de vendas futuras valoradas polo valor recibido.

As axudas outorgadas en firme pola entidade e outros gastos comprometidas de carácter plurianual contabilízanse na conta de resultados do exercicio no que se aprobe a súa concesión con abono a unha conta de pasivo, polo valor actual do compromiso asumido.

*[Handwritten signatures and scribbles in blue ink on the left margin.]*

*[Handwritten signature in blue ink at the top right.]*

*[Large handwritten 'X' mark in blue ink on the right margin.]*

*[Multiple handwritten signatures and scribbles in blue ink at the bottom of the page.]*





Os honorarios abonados a asesores legais, ou outros profesionais que interveñan na operación se contabilizarán como un gasto na conta de resultados.

A entidade non realizou fusionés no exercicio.

## 5. INMOBILIZADO MATERIAL.

O movemento habido neste capítulo durante o pasado exercicio e o actual é como segue:

*[Handwritten signatures and scribbles in blue ink, including a large 'X' and various illegible signatures.]*

**COGAMI**

	Terreos	Construcións	Instalacións Técnicas, Maquinaria, Utililaxe e outras instalacións	Mobiliario	Equipos informáticos	Elementos de transporte	Outro Inmobilizado	Construcións en curso	TOTALS
<b>Saldo inicial bruto exercicio 2018</b>	<b>86.128,79</b>	<b>5.660.624,65</b>	<b>111.108,18</b>	<b>407.567,76</b>	<b>443.614,52</b>	<b>506.657,80</b>	<b>150.755,17</b>	<b>0,00</b>	<b>7.366.456,87</b>
Altas do exercicio		1.815,81	30.099,69	6.407,09	66.863,08	90.757,80			<b>195.943,47</b>
Salidas do exercicio						10.168,03			<b>10.168,03</b>
Traspasos do exercicio									<b>0,00</b>
Vicepresidente 2º	Mónica Álvarez San Primitivo
Secretario:	Víctor Silva Suárez
Vicesecretaria	Juana Mª Tubío Ordóñez
Tesoureiro	Álvaro García Bustelo
Vicetesoureiro	Paulo Fontán Torreiro
Vogais	Celso Álvarez Pérez Jose Luis Costoya Quintela Laura Quintas Lorenzo Manuel Santos Lama Ignacio Rodríguez Sáez Carmen Fernández González Juan Antonio Da Silva Irago Rosalía López Sánchez José Luis Lolo Celeiro Montserrat Cuevas Gándara

O número medio de empregados por categorías profesionais e diferenciando por sexos, atendendo a nova redacción do artigo 200.9 do TRLSA segundo a Disposición adicional vixésima sexta da Lei 3/2007 é como segue:

Número medio de persoas empregadas no curso do exercicio por categorías e sexos	Exercicio 2018		Exercicio 2019	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Persoal coordinador	7,91	7,91	8,99	9,83
Persoal Técnico	6,06	45,887	17,40	63,08
Persoal administrativo	1,531	13,501	3,15	16,55
Persoal Servizo de Integración	4,316	27,619	4,41	25,96
Persoal Centros de Día	11,99	97,24	12,15	89,09
<b>Total emprego medio</b>	<b>31,81</b>	<b>192,16</b>	<b>46,10</b>	<b>204,51</b>

*[Handwritten signatures and notes in the left margin]*

*[Handwritten signatures and notes in the right margin]*

*[Handwritten signatures and notes at the bottom of the page]*



Do número medio de persoas empregadas no curso do exercicio teñen unha discapacidade maior ou igual ó 33%:

Persoal con discapacidade	Exercicio 2018	Exercicio 2019
Persoal coordinador	6,91	8,82
Persoal Técnico	20,91	33,33
Persoal administrativo	8,63	11,23
Persoal Servizo de Integración	12,593	12,66
Persoal Centros de Día	28,62	29,65
<b>Total</b>	<b>77,66</b>	<b>95,69</b>

O número de empregados a final do exercicio por categorías profesionais e diferenciando por sexos, é como segue:

Número de persoas empregadas ó final do exercicio	Exercicio 2018		Exercicio 2019	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Persoal coordinador	8	9	9	10
Persoal Técnico	13	73	21	80
Persoal administrativo	1	16	2	14
Persoal Servizo de Integración	6	30	4	29
Persoal Centros de Día	12	117	9	100
<b>Total empregados ó final do exercicio</b>	<b>40</b>	<b>245</b>	<b>45</b>	<b>233</b>

Os honorarios percibidos no exercicio polos auditores de contas teñen o seguinte detalle:


Honorarios do auditor no exercicio (IVE incl.)	2019	2018
Honorarios cargados pola auditoría de contas	6.890,95	6.771,16
Honorarios cargados por outros servizos (auditoría de subvencións)	10.793,20	15.721,40
Honorarios cargados por servizos de asesoramento fiscal		
<b>Total</b>	<b>17.684,15</b>	<b>22.492,56</b>

Os honorarios pola auditoría das contas anuais do exercicio 2019, a pagar no exercicio 2020 ascenden a 6.890,95 euros.

## 25. INFORMACIÓN SEGMENTADA.

Dado que a entidade non está obrigada a formular a Conta de Perdas e Ganancias normal, non resulta necesaria a información segmentada por mercados.

*(Handwritten signatures and scribbles in blue ink are present throughout the page, including a large signature on the left side and several scribbles on the right side.)*



## 26. INFORMACIÓN SOBRE A LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO.

### Bases da presentación e liquidación do presuposto

Os criterios sobre a súa liquidación, baséanse nos conceptos xerais seguintes:

- Cumprimento da legalidade.
- Estimación orzamentaria tomando como referente os datos do ano anterior.
- Para efectuar a liquidación, tense en conta os importes devengados, partindo dos datos contables.
- Ao remate, faise a conciliación entre o resultado orzamentario e o resultado contable.

### Conciliación entre o orzamento e as cifras acadadas durante o exercicio.

*[Handwritten signatures and scribbles in blue ink, including a vertical signature on the left and several large scribbles in the center and bottom right.]*



LIQUIDACIÓN DO PRE SUPUESTO EXERCICIO 2019							
EPIGRAFES	Gastos presupuestarios			EPIGRAFES	Ingresos presupuestarios		
	Presuposto	Realización	Desviación		Presuposto	Realización	Desviación
<b>FUNCIONAMENTO</b>				<b>FUNCIONAMENTO</b>			
1. Ayudas monetarias e outros	21.956,41	27.193,00	-5.236,59	1. Ingresos da entidade pola actividade propia	4.213.694,59	4.348.641,72	-134.747,13
a) Ayudas monetarias	12.014,54	13.636,75	-1.622,21	a) Cuotas de usuarios e afiliados	328.358,58	548.675,89	-220.317,31
b) Gastos por colaboracións e órgano de goberno	9.941,87	10.219,87	-278,00	b) Ingresos de promocións,	5.500,00	5.500,00	0,00
c) Reintegro de subvencións		3.336,38	-3.336,38	c) Subvencións, donacións e legados imputados ó resultado	3.880.036,01	3.794.465,83	85.570,18
2. Compras de bens destinados á actividade	115.000,58	132.757,51	-17.757,25	2. Ventas e outros ingresos ordinarios	3.790.698,13	3.670.646,72	120.051,41
3. Gastos de persoal	6.074.392,85	6.090.475,54	-16.082,69	3. Outros ingresos	7.141,02	19.616,41	-12.475,39
4. Servizos externos para a actividade propia	483.163,81	571.141,75	-87.977,97	4. Traspaso a resultados subvencións de capital	429.973,23	433.073,49	-3.100,26
5. Dotacións para amortizacións do inmovilizado	483.164,83	472.008,27	-8.841,44	5. Ingresos financeiros		11,89	-11,89
6. Outros gastos	1.000.950,04	988.705,33	14.244,71	6. Ingresos extraordinarios		3.687,11	-3.687,11
7. Variacións das provisiones da actividade e perdas de créditos incobrables		3.510,50	-3.510,50				
8. Gastos financeiros e gastos asimilados	40.653,65	31.670,14	8.983,71				
9. Gastos extraordinarios	39.831,04	19.658,40	20.172,64				
10. Imposto sobre sociedades							
<b>TOTAL GASTOS OPERACIONES DE FUNCIONAMENTO</b>	<b>8.239.113,39</b>	<b>8.335.148,77</b>	<b>-96.035,38</b>	<b>TOTAL INGRESOS OPERACIONES DE FUNCIONAMENTO</b>	<b>8.441.706,96</b>	<b>8.475.657,34</b>	<b>-33.950,38</b>
<b>OPERACIONES DE FONDOS</b>				<b>OPERACIONES DE FONDOS</b>			
1. Diminucións de subvencións, donacións e legados de capital e	429.973,22	433.073,49	-3.100,27	1. Aportacións de fundadores e asociados		-17.043,18	17.043,18
2. Aumentos do inmovilizado	97.271,00	13.893,93	83.377,07	2. Aumentos de subvencións, donacións e legados de capital e otros	97.271,00	183.659,30	-86.388,30
a) Gastos de establecemento e de formalización de débedas				3. Diminucións do inmovilizado	483.164,83	288.415,30	174.749,53
b) Bens do Patrimonio Histórico				a) gastos de establecemento e de formalización de débedas			
c) Inmovilizacións materiais	97.271,00		97.271,00	b) Bens de Patrimonio Histórico			
d) Inmovilizacións inmateriais		13.893,93	-13.893,93	c) Inmovilizacións materiais	430.159,03	288.415,30	141.743,73
3. Aumentos de existencias				d) Inmovilizacións inmateriais	33.005,80		33.005,80
4. Aumentos de inversións financeiras				4. Diminucións de existencias			
5. Aumentos de tesorería				5. Diminucións de inversións financeiras		111.538,39	-111.538,39
6. Aumentos do capital de funcionamento				6. Diminucións de tesorería		12.493,86	-12.493,86
7. Diminucións de provisiones para riscos e gastos				7. Diminucións do capital de funcionamento	262.828,24	42.565,76	220.262,48
8. Diminucións de débedas	298.019,85	315.170,58	-19.150,73	8. Aumento de provisiones para riscos e gastos			
				9. Aumento de débedas			
<b>TOTAL GASTOS OPERACIONES DE FONDOS</b>	<b>823.264,07</b>	<b>762.138,00</b>	<b>61.126,07</b>	<b>TOTAL INGRESOS OPERACIONES DE FONDOS</b>	<b>823.264,07</b>	<b>621.629,43</b>	<b>376.384,18</b>
<b>TOTAL GASTOS PRESUPUESTARIOS</b>	<b>9.062.377,46</b>	<b>9.097.286,77</b>	<b>-34.909,31</b>	<b>TOTAL INGRESOS PRESUPUESTARIOS</b>	<b>9.264.971,04</b>	<b>9.097.286,77</b>	<b>342.433,80</b>

Orzamento aprobado para o vindeiro exercicio.

Handwritten signatures and initials in blue ink, including a large signature that appears to be 'Juan...' and other initials like 'Luis', 'el CA', and 'M. Coena'.





## ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO DO EXERCICIO

NOTAS

31/12/2019

31/12/2018

### A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN E XESTIÓN

<b>1. EXCEDENTE DO EXERCICIO ANTES DE IMPOSTOS</b>		<b>140.508,57</b>	<b>92.119,11</b>
<b>2. AXUSTES DO RESULTADO</b>		<b>70.945,21</b>	<b>81.985,07</b>
a) Amortización do inmovilizado (+)	5-6-7-8	472.006,27	457.159,12
b) Correccións valorativas por deterioro (+/-)		1.354,18	6.407,64
c) Variación de provisións (+/-)			
d) Imputación de subvencións, doazóns e legados(-)	18	-433.073,49	-421.460,31
g) Ingresos financeiros (-)		-11,89	-0,43
h) Gastos financeiros (+)		31.670,14	37.050,89
k) Outros ingresos e gastos (-/+)		-1.000,00	2.828,16
<b>3. CAMBIOS NO CAPITAL CORRENTE</b>		<b>146.050,69</b>	<b>309.602,87</b>
a) Existencias (+/-)	10	0,00	3.317,50
b) Debedores e outras contas a cobrar (+/-)		3.333,52	543.717,15
c) Outros activos correntes (+/-)		-55.879,41	56.846,75
d) Acredores e outras contas a pagar (+/-)		32.921,10	-296.991,03
e) Outros pasivos correntes (+/-)		165.675,48	2.712,50
f) Outros activos e pasivos non correntes (+/-)		0,00	
<b>4. OTROS FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN E XESTIÓN</b>		<b>-29.684,04</b>	<b>-29.343,89</b>
a) Pagos por xuros (-)		-29.695,93	-29.217,50
c) Cobros de xuros (+)		11,89	0,43
d) Cobros (pagos) por imposto sobre beneficios (-/+)	13	0,00	-126,82
e) Outros pagos (cobros) (+/-)		0,00	0,00
<b>5. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN E XESTIÓN</b>		<b>327.820,43</b>	<b>454.363,16</b>

### B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO

<b>6. PAGOS POR INVESTIMENTOS (-)</b>		<b>-196.252,22</b>	<b>-2.083.646,38</b>
a) Empresas do grupo e asociadas			
b) Inmovilizado intanxible		-46.899,73	-21.386,75
c) Inmovilizado material	5	-149.517,34	-190.824,75
f) Outros activos financeiros		164,85	-1.871.434,88
<b>7. COBROS POR DESINVESTIMENTOS (+)</b>		<b>1.000,00</b>	<b>0,00</b>
c) Inmovilizado material		1.000,00	
<b>8. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO</b>		<b>-195.252,22</b>	<b>-2.083.646,38</b>

### C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO

<b>9. COBROS E PAGOS POR INSTRUMENTOS DE PATRIMONIO</b>		<b>58.105,80</b>	<b>2.162.538,30</b>
a) Aportación á dotación fundacional o fondo social			
b) Diminucións de fondo social			
c) Subvencións, doazóns e legados recibidos.	18	58.105,80	2.162.538,30
<b>10. COBROS E PAGOS POR INSTRUMENTOS DE PASIVO FINANCIERO</b>	<b>9.2</b>	<b>-203.167,87</b>	<b>-536.684,91</b>
a) Emisión		300.763,60	347,38
1. Obligacións e valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)		493,96	347,38
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (+)		300.269,64	
b) Devolución y amortización de		-503.931,47	-537.032,29
1. Obligacións e valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)		-307.271,69	-524.850,94
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (-)			-1,20
4. Outras débedas (-)		-196.659,78	-12.180,15
<b>11. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO</b>		<b>-145.062,07</b>	<b>1.625.853,39</b>

### D) EFECTO DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO


### E) AUMENTO/DIMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES

Effectivo ou equivalente ao comezo do exercicio.	<b>49.766,26</b>	<b>53.196,09</b>
Effectivo ou equivalente ao fin do exercicio	<b>37.272,40</b>	<b>49.766,26</b>
<b>DIFERENCIA NETA SEGÚN BALANCE</b>	<b>-12.493,86</b>	<b>-3.429,83</b>

*[Handwritten signatures and scribbles in blue ink on the left margin]*

*[Handwritten signatures and scribbles in blue ink on the right margin]*

*[Handwritten signatures and scribbles in blue ink at the bottom of the page]*



## 28. INVENTARIO

Dado que o artigo 25.2 da lei 50/2002, de 26 de decembro se refire a inventarios de elementos patrimoniais para Fundacións, entendemos que a Confederación non está obrigada á súa presentación.

En Santiago de Compostela a 08 de maio de 2020, quedan formuladas as contas anuais, dando a súa conformidade mediante sinatura:

Visto de la

Alc. Louisa T...



*[Handwritten signature]*

Dir. de C. A.

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten mark]*

# MEMORIA

DE ACTIVIDADES

20  
19

30  
ANIVERSARIO  
COGAMI



## COGAMI

A **Confederación Galega de Persoas con Discapacidade -COGAMI-** é unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública e constituída por **53 asociacións** de persoas con discapacidade.

Presta servizos ás persoas con discapacidade e conta con **11 iniciativas** empresariais de economía social, xerando emprego a máis de 1.000 persoas.

## VALORES




Adhírese á Declaración Universal dos Dereitos Humanos, á carta de Dereitos Sociais da UE, ás normas unificadas de Igualdade e á Convención da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Ademais, adopta estes valores:


### Valores de xestión

- Transparencia
- Mellora continua
- Innovación
- Calidade
- Profesionalidade
- Democracia interna
- Enfoque de xénero

### Valores de entidade

- Defensa de dereitos das persoas con discapacidade
- Igualdade interseccional
- Solidariedade
- Participación
- Implicación social
- Independencia





## A NOSA ESTRUTURA

COGAMI está constituída por 15 asociacións membro directo: 4 federacións provinciais, 1 entidade autonómica e 10 asociacións comarcais. As catro federacións están integradas por outras asociacións.

Vertical handwritten signature on the left side.



53

entidades conforman o noso movemento asociativo

### COGAMI

A nivel autonómico, é unha das fundadoras de:

Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego de Galicia Sen Ánimo de Lucro (CEGASAL)

Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI Galicia)

Rede Galega contra a Pobreza (EAPN-Galicia)

A nivel estatal, forma parte de:

Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica (COCEMFE)



## Aportamos valor social




No seu compromiso coa mellora, COGAMI inicia en 2009 un camiño orientado a responder con calidade ás necesidades das persoas con discapacidade, entidades asociadas, financeiras e colaboradoras ademais das persoas traballadoras,

empregando como referente o modelo EFQM de excelencia. Como resultado do empeño por construír unha sociedade máis inclusiva, conta dende o ano 2013 cun SELO DE EXCELENCIA EUROPEA 400+ EFQM, un recoñecemento á

xestión centrada nas persoas.

A mellora da calidade de vida das persoas tras o seu paso por COGAMI, entendida como valor social, foi obxecto de análise durante este ano a través do proxecto denominado Monetización do valor social, unha

metodoloxía rigorosa desenvolvida conxuntamente polas Universidades de País Vasco e Deusto. O resultado deste proxecto foi dar a coñecer a capacidade de COGAMI para xerar valor na súa contorna. Este valor xerado en cifras, segundo os datos de 2018, foi:





*[Handwritten signatures]*

**Cada 1€ que COGAMI recibe da Administración Pública convérteoo en 3,91€**

**Cada 1€ que COGAMI emprega para realizar as súas actividades, convérteoo en 1,59€ na contorna onde realiza esa actividade**



Renovación do Selo 400+ á Excelencia

*[Handwritten signature]*




*[Handwritten signature]*

*[Large handwritten signature]*




*[Handwritten signatures and scribbles in blue ink on the left margin]*



*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signatures and scribbles at the bottom of the page]*



Handwritten signatures and notes at the bottom of the page.



## APOIAMOS ÁS NOSAS ENTIDADES

# 1.115

participantes nos programas desenvolvidos

Dende a área de Fortalecemento do Movemento Asociativo apoiamos a toda a rede de entidades que conforma COGAMI, prestándolle servizos de información e asesoramento, xestión de recursos, organización de cursos, accións de sensibilización social e de saúde, e tamén fomentamos a participación en programas de lecer e tempo libre.

O tipo de apoio máis solicitado foi sobre subvencións.

Comprende accións que se poden prolongar máis dun ano dende a fase de solicitude ata a xustificación final, incluíndo toda a xestión documental e selección e contratación de profesionais.



Presentación de #DisOrganic, a imaxe que identifica a discapacidade orgánica

### Servizos e programas

#### PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA E PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA

Actividades de fisioterapia, natación terapéutica, hidroterapia, para traballar as habilidades sociais, atención psicolóxica... co fin de conseguir que a persoa mellore a independencia funcional físico-motora, deteña ou minimize os procesos dexenerativos, potencie as capacidades residuais e loite contra as secuelas da inactividade.

320 participantes

#### FORMACIÓN

Actividades formativas de carácter básico ocupacional, como o curso de informática realizado en Pontearreas. Tamén realizamos formación dirixida a profesionais de entidades membro, como o curso sobre o Impacto dos itinerarios de vida independente e o curso de Excel avanzado.

50 participantes

#### LECER

Actividades dirixidas a persoas con discapacidade, ligadas ao lecer e tempo libre xunto con outras ligadas ao ámbito educativo, cultural, formativo, etc.

745 participantes

Vertical handwritten notes on the left margin, including a large 'X' and various signatures.

Horizontal handwritten signatures and notes at the bottom of the page.



## Comisión sociosanitaria

Análise comparativa do catálogo ortoprotésico de Galicia coa carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde.

●  
Modificación da Lei de Saúde de Galicia.

●  
Plan Nacional de prevención de deficiencias.

●  
Proxecto de decreto da Consellería de Sanidade que regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas.

●  
Participa como revisora externa do material de formación para pacientes en Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias.

●  
Continuou participando no Consello Asesor de Pacientes a nivel autonómico, e tamén entra a formar parte dos consellos asesores de cada EOXI.

●  
Colaborou no grupo de traballo creado pola Consellería de Sanidade, para a elaboración do Plan de humanización.

●  
Participou na campaña de presentación do símbolo da discapacidade orgánica (COCEMFE).



Presentación en Santiago da campaña X Solidaria na que participaron entidades de COGAMI

**116** participantes

### Actividades

- Seminario sobre a Lei de Protección de datos, organizado por EAPN.
- Como difundir a nosa entidade.
- Protección de datos.
- Xornada sobre Xestión e control de horarios.
- Xornada sobre Xestión financeira, contable, fiscal e laboral.

**Órgano de apoio ás consultas individuais representativas de problemáticas comúns.**

En 2019 realizou o seguimento de diferentes propostas legislativas e organizativas da Administración:

X

Verbo

[Handwritten signature]

R.ª Coma, F.ª



**OS NÓSOS  
CENTROS  
DE ATENCIÓN  
DIÚRNA**



O centro de Medelo percorreu catro etapas do Camiño Portugués no proxecto Rodando no Camiño que financiou a Consellería de Cultura e Turismo no marco do programa "O teu Xacobeo"

COGAMI ten catro centros de recursos, con prazas públicas concertadas, que prestan apoios para cubrir as necesidades das persoas con discapacidade e familias:

**CRD de Monteporreiro**

centro de día

**16**

prazas ocupadas

Barro(1), Cangas(1), Moraña(2), Ribadumia(1) Poio(1) e Pontevedra(10)

**CRD de Medelo**

centro de día e ocupacional

**27**

prazas ocupadas

A Estrada(15), Cuntis(5), Forcarei(1), Silleda(3), Vedra(1) e Vila de Cruces(2).

**CRD de Fingoi**

centro de día

**27**

prazas ocupadas

Lugo(18), O Incio(1), Outeiro de Rei(2), Rábade(1), Sarria(3), Castro de Rei(1) e Lámara(1).

**CRD de Mos**

centro de día, ocupacional e vivenda tutelada

**44**

prazas ocupadas

Mos(9), O Porriño(8), Redondela(2), Vigo(20), Pontearreas(2), Nigrán(2) e Salceda(1).

*[Handwritten signatures and scribbles in blue ink on the left margin]*

*[Handwritten signatures and scribbles in blue ink at the bottom of the page]*



### Servizos que ofrecen:



Atención personalizada



Mantenemento e rehabilitación



Educación básica e obradoiros



Lecer



Transporte



Comedor

### Vivenda tutelada

En febreiro de 2019 púxose en marcha en Mos un proxecto piloto dunha vivenda tutelada. Financiado por "la Caixa", neste proxecto traballáronse as habilidades para o fomento da vida autónoma de persoas que se atopan dadas de alta no centro, servindo como un adestramento en actividades da vida diaria, complementando así a actividade que se leva a cabo no centro. Este proxecto proporcionou, de luns a venres, un espazo adecuado para a convivencia dun total de 12 persoas con discapacidade coa finalidade de favorecer a súa participación social.




A Alcaldesa de Mos compartiu xornada coas persoas usuarias da vivenda tutelada do proxecto independizate

Handwritten signatures and notes on the left margin, including a large signature at the top and several smaller ones below.

Handwritten signatures and notes on the right margin, including a large 'X' mark and several smaller signatures.

A row of handwritten signatures and initials at the bottom of the page.



## FORMAMOS PARA O EMPREGO

O programa de formación está adaptado ás necesidades e capacidades das persoas con discapacidade, tendo por finalidade a adquisición de competencias para capacitar o seu desenvolvemento profesional.

Cada vez que se imparte un curso, téñense en conta as necesidades da persoa e tamén as demandas do tecido empresarial da zona, xa que o obxectivo final é lograr a inserción laboral de persoas con discapacidade.

Todas as accións formativas foron financiadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Consellería de Política Social, o Fondo Social Europeo, a Fundación ONCE, a Fundación "la Caixa", o Ministerio de Asuntos Sociais e Tempe do Grupo Inditex.

34

cursos realizados

240

persoas realizaron  
prácticas en empresas



Fin de curso AFD en Santiago de Auxiliar de Administrativo

Handwritten signatures and scribbles in blue ink along the left margin of the page.

Handwritten signature in blue ink at the top center of the page.

Handwritten signatures and scribbles in blue ink along the bottom margin of the page.



*[Handwritten signatures in blue ink]*

**411**

persoas participantes

**34%**

das persoas formadas logrou a inserción laboral


**CURSOS IMPARTIDOS**

**Localidades**

Dependenta/e auxiliar de tenda e paquetería	A Coruña
Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais	A Coruña, Santiago, Ferrol, Cabana de Bergantiños, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ferrol
Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería	Lugo
Actividades administrativas na relación coa clientela	Ferrol
Acompañante de transporte adaptado	Ponteareas
Informática básica	Vilalba, Sigüeiro
Elaboración de produtos alimentarios	A Coruña
Xestión de almacén	Boiro, Ferrol
Competencias clave	Vigo, Lugo
Persoal de limpeza	Ferrol, Santiago
Alfabetización dixital	Sarria
Ofimática básica	Ourense, Moaña
Auxiliar de servizos	Vigo
Operador/a de carretilla elevadora	Santiago
Caixeira/o	Verín
Controlador/a de accesos	A Coruña
Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción ED. 1/19	O Barco de Valdeorras
Windows, Word, Excel e Internet. ED. 1/19	Ourense
Operaria/o de limpeza variada	Lugo
Apoio lóxico en almacenamento industrial con movemento de cargas	Vigo
Almacenaxe e reposición	Lugo
<b>Igualmente, estamos a impartir 3 accións formativas que iniciamos no ano 2019 e continuarán durante o ano 2020. Participan 45 persoas.</b>	
Actividades administrativas na relación coa clientela	Ferrol
Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais	Cabana de Bergantiños
Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais	Ferrol



*[Handwritten signature in blue ink]*



## ORIENTAMOS PARA O EMPREGO

### Servizo de Información, Orientación e Prospección de Empleo

**5.566**

persoas orientadas

Nace en 1996 como unha aposta de COGAMI pola inclusión das persoas con discapacidade no mercado laboral.

Colaborador do Servizo Público de Empleo de Galicia e autorizada como Axencia de Colocación co nº 1200000003.

40 profesionais de orientación laboral e axentes de emprego traballan tanto nas zonas urbanas como rurais das sete cidades galegas.

**1.467**

novas inscricións no servizo



Equipo que conforma o Servizo de Orientación e Intermediación Laboral de COGAMI

**19.935**

persoas inscritas na base de datos

**Incorpora de "la Caixa"** para a inserción laboral de persoas en risco de exclusión, formamos parte da rede Incorpora de Galicia.

**144** insercións




**Más Empleo "la Caixa" e FSE** para o deseño de itinerarios integrados para a inserción sociolaboral de persoas en situación de risco ou exclusión.

**154** participantes, **68** insercións, **11** cursos, **68** persoas formadas

persoas atoparon emprego nunha das 469 empresas visitadas. O 65% en empresa ordinaria e o 35% en empresa protexida (CEE)


**POISES** de itinerarios personalizados inserción laboral.

**152** participantes, **77** insercións






**Perfil dominante**



Apertura dun punto de información do SIL no concello de Lalín



COGAMI asina convenio coa Confederación Empresarial de Ourense



A discapacidade física supón o 64% das persoas inscritas.

**O SIL participa en foros e xornadas empresariais para darse a coñecer:**

<b>A Coruña</b>	Participación no Networking Vegalsa ● Colocación dun stand na V Feira de Emprego do concello de A Coruña ● Exposición dunha ponencia na xornada Un mar de oportunidades laborais organizado por Golfo Artabro Sur.
<b>Santiago</b>	Feira de Emprego Talenta Summit.
<b>Ferrol</b>	Reunión de técnicas/os de emprego da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol ● Xornada Estreitando Lazos do Programa Integrado de Emprego do concello de Ferrol ● Xornada de Networking en AJE Ferrolterra.
<b>Lugo</b>	Xornada Rede TIL Xustiza Social ● Xornada de presentación DIACONÍA ● Xornada colaborativa Lanzaderas de Emprego ● Asistencia xornada informativa de O Servizo de Graduados Sociais e a Deputación de Lugo ● Xornada Unha Doble Oportunidade de FUNDOSA e o concello de Lugo ● Exposición Rede TIL: 25N unha ollada ao mercado laboral ● Mesa redonda Emprender en feminino organizada por CEI NODUS ● Exposición fotográfica de Cegasal, Unha asociación de persoas para as persoas.
<b>Ourense</b>	Asistencia á xornada: Workshop Inclusivo: O valor de ser unha empresa inclusiva ● Presentación xunto co executivo de grandes contas de Vodafone, Amable Pascual, unha boa práctica de inserción sociolaboral: "Inclue+Capacidad" ● Xornada na Facultade de Educación Social, Campus de Ourense, Universidade de Vigo.
<b>Pontevedra</b>	VIII Escola de verán da Asociación Boa Vida onde se presentou o Servizo de Emprego de COGAMI ● XVIII xornada sobre o cancro de mama organizado por ADICAM: Repercusión do cancro na vida social, económica e laboral.
<b>Vigo</b>	Feira Empregalia e un Networking ● Presentación do servizo na oficina de Pombo e asistencia á xornada de aniversario Érguete ● Feira Finde ÇU ● Xornada de Avempo.

*[Handwritten signatures and notes in the left margin]*

*[Handwritten signatures and notes in the right margin]*

*[Handwritten signatures and notes at the bottom of the page]*



## INFORMAMOS E ASESORAMOS

### Proxecto innovador de promoción da autonomía persoal

En 2019 púxose en marcha o proxecto Innovador de Promoción da Autonomía Persoal a través dun plan integral de actuacións sobre a persoa con discapacidade en situación de dependencia dende idades temperás. Este proxecto ten lugar nas instalacións do CEGADI en Santiago, tras un convenio asinado coa Consellería de Política Social. A través desta experiencia, analízanse as diferentes técnicas e procedementos a desempeñar, en base ás necesidades das persoas e as carencias existentes nos recursos de proximidade.



Equipo da Área de Promoción de Autonomía Persoal



A Conselleira de Política Social visita o Proxecto Innovador de Autonomía Persoal para coñecer o seu desenvolvemento

56

solicitudes recibidas

24

participantes

1.500

intervencións

Handwritten signatures and scribbles in blue ink on the left side of the page.

Handwritten 'X' mark in blue ink.

Handwritten signature in blue ink.

Handwritten signatures and scribbles in blue ink at the bottom of the page.





### Xestión de Recursos

Ten por obxectivo acompañar e capacitar ás persoas durante a xestión dos recursos que ofrecen as administracións, co fin de proporcionar a autonomía e a aprendizaxe ás persoas que o precisen, tanto a través dos rexistros xerais como das novas tecnoloxías.

401

xestións de recursos realizadas

### Intervención Social

Incídese na atención ás persoas con grande discapacidade, realizando unha avaliación personalizada das súas capacidades para deseñar itinerarios con apoios que potencien a súa autonomía e independencia.

429

proxectos de intervención deseñados

3.101

actuacións como visitas domiciliarias, acompañamentos, entrevistas e seguimentos

Trabállase tanto a nivel individual como coas familias, coordinando e colaborando con entidades e profesionais.

### Intervencións dirixidas a:

#### ÁMBITO RURAL

Accións dirixidas a persoas que viven no rural, factor de especial risco de exclusión.

#### Destacamos proxectos como:



Traballadora Social de COGAMI en Vigo atende a unha persoa usuaria

Handwritten signatures and scribbles in blue ink along the left margin of the page.

Handwritten signatures and scribbles in blue ink at the bottom of the page, including one that appears to say 'H.S. Comarca Pen'.



*[Handwritten signatures and scribbles in blue ink at the top of the page.]*

**MULLERES**

Lévase a cabo intervención social continuada (para a prestación de apoio social e familiar e a mobilización de recursos tanto públicos como privados) e o préstamo de recursos de apoio e acompañamento a vítimas de violencia.

**240** mulleres atendidas

**MENORES**

Para a defensa de dereitos como a autodeterminación, a integración, a normalización e formación inclusiva, o dereito á cota de reserva de praza, etc. de menores con idades entre 1 e 17 anos, e ás súas familias.

**19** intervencións

*Unha hora*

**Accións prelaborais para a inclusión socio-laboral.**

A través de itinerarios personalizados.

**57** persoas beneficiarias

**Empoderar-M.**

Traballouse a mellora da imaxe persoal co fin de gañar en autoestima e adquirir competencias nas entrevistas de traballo.

**10** participantes



**Atención a persoas con discapacidade no rural.**

Traballouse coa persoa e a súa contorna a adquisición de habilidades para unha vida máis autónoma.

**110** persoas beneficiarias

**Crea autonomía 2019.**

Facendo proactivas ás persoas para a mellora da accesibilidade a través dunha App que pon en coñecemento ás autoridades competentes. Ademais reciben asesoramento sobre o recurso de asistencia persoal e dos produtos de apoio existentes.

**+600** persoas beneficiarias

**Activando o rural.**

Centrado no empoderamento das mulleres con discapacidade que viven no medio rural, mediante o desenvolvemento de itinerarios personalizados de intervención social con acompañamento e a realización do obradoiro "Dereitos das mulleres con discapacidade cara unha vida autónoma".

**10** mulleres participantes

**V. de Violeta.**

Formación sobre prevención, detección e protección en situacións de violencia e desigualdade por motivo de xénero dirixido ás persoas voluntarias a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

**596** persoas beneficiarias

*[Large collection of handwritten signatures and scribbles in blue ink at the bottom of the page.]*



## SENSIBILIZAMOS

Realizamos acciones dirigidas a sensibilizar e concienciar sobre discapacidade e a prevención de lesións medulares:

64

xornadas e charlas

1.718

participantes

8.590

persoas beneficiarias

## Servizo DEDALEIRA

Durante 2019 levouse a cabo un reforzo do Servizo de Atención e Promoción da Autonomía Afectivo-sexual para Persoas con Discapacidade, o servizo Dedaleira.

69

accións formativas

Participouse en todos os niveis de prevención dos delitos sexuais, neste caso do abuso sexual infantil, a través da unidade Querelar. Traballáronse os seguintes aspectos:

- Formación a alumnado dos Centros de Educación Especial Príncipe Felipe (Pontevedra), Saladino Cortizo



Charla de prevención de lesión medular en Vigo

(Vigo), Santa María (Lugo), Vilagarcía de Arousa (Vilagarcía), A Barcia (Santiago), Infanta Elena (Monforte) e Manuel López Navalón (Santiago).

prevención da violencia sexual.

275

persoas beneficiadas de maneira directa

As accións realizadas tiveron como obxectivo diminuír ao máximo posible a taxa de casos de menores que viviron ou viven situacións de violencia sexual.

- Formación a profesionais e familiares.

- Asesoramento e seguimento dos casos existentes.

- Elaboración dun protocolo de

1.100

persoas beneficiadas de maneira indirecta



Un dos obradoiros de Dedaleira realizado no colexio Santa María

### Servizo de préstamo de produtos de apoio

Nace para facilitar o acceso e proba de produtos de apoio ás persoas que o precisen. Ante unha demanda de produtos, faise unha valoración integral da situación da persoa: visitas domiciliarias, coordinacións e seguimentos do préstamo.

**26**

préstamos

**96**

produtos de apoio

### Voluntariado

A Rede de Voluntariado nace en 2001 co fin de canalizar os proxectos de voluntariado que desenvolve a Organización.

#### Programas de Voluntariado de COGAMI

Acompañamentos dentro e fóra do domicilio, actividades de lecer e deportivas, de rehabilitación, apoio educativo, reforzo de habilidades sociais, accións de sensibilización no eido da discapacidade,...

**84** novas persoas voluntarias  
**1.087** persoas conforman a bolsa de voluntariado  
 Media de **200** voluntarias/os participan en actividades  
**+5.400** beneficiarias/os

#### Proxecto EMPODERAR-M

Favorece o coñecemento e a inclusión.

**10** participantes **40** beneficiarias/os

*Handwritten signatures and scribbles in blue ink on the left margin.*

*Handwritten signatures and scribbles in blue ink on the right margin.*

*Large handwritten signatures and scribbles in blue ink at the bottom of the page.*



## CONTRIBUÍMOS Á MELLORA DE CONTORNAS ACCESIBLES

A área de Accesibilidade comezou a traballar en 2003 asesorando sobre axudas técnicas e lexislación de referencia. Dende xaneiro de 2004 desenvolve actividades propias de consultaría, asesorando, formando e elaborando plans de accesibilidade. Esta área ten como obxectivo humanizar espazos e servizos conforme a criterios de deseño universal.

**Humanizamos  
espazos  
conforme a  
criterios de  
deseño universal**

Realizamos unha sesión divulgativa denominada Ponte no meu lugar co alumnado de 5º e 6º de primaria do CEIP de Reibón e dos cursos de 3º e 6º de primaria do CEIP de Domaio.



Campaña "Ponte no meu lugar" organizada pola área de Accesibilidade a escolares

Handwritten signatures and names at the bottom of the page, including "Montes", "H.ª Comen", and "F.ª".



## Servizo de Asesoramento

A prestación deste servizo mantén unha tendencia de crecemento afianzada no tempo.

A procedencia destas consultas correspóndese coa distribución demográfica da poboación, sendo as provincias de A Coruña e Pontevedra as principais demandantes. Cabe destacar a petición de información dende fóra de Galicia, referida principalmente ao turismo accesible.

Asesoramentos en 2019	
A Coruña	47
Lugo	8
Ourense	13
Pontevedra	62
Fóra de Galicia	2
<b>Total</b>	<b>132</b>

## Proxectos desenvolvidos

1.

Asesoramento aos concellos de Vigo e Pontevedra na execución de obras de urbanización

2.

Proposta de redacción do novo decreto de Accesibilidade de Galicia

3.

Sensibilización no colexio Reibón e no CEIP Plurilingüe Domaio (os dous en Moaña) e participación na Pedaliña organizada pola asociación A Golpe de Pedal

4.

Plan de mellora da accesibilidade de Turismo Rías Baixas e asesoramento en obra de mellora da accesibilidade na nave industrial de Fresh Cut

5.

Curso online para a EGAP, sobre turismo accesible en Ribeira Sacra, e, en México, sobre accesibilidade

6.

Informe Contenedor SmallBin. Formato Verde S.L

7.

Informe de cumprimento da normativa de accesibilidade do Hotel Oca Vila de Allariz

8.

Plans Directores de Accesibilidade no concello de Monforte e de equipamentos no Campus Vida da USC

Unha por unha


*[Handwritten signatures and scribbles on the left margin]*

*[Handwritten signatures and scribbles on the right margin]*

*[Handwritten signatures and scribbles at the bottom of the page]*



**FAVORECEMOS  
O LECER E O  
DEPORTE**



Programa de Lecer Náutico en Sanxenxo

En todas as actividades lúdicas e deportivas promovidas pola entidade, a finalidade é a mesma: que as accións levadas a cabo seguen unha metodoloxía participativa, activa, dinámica e aberta ás necesidades das persoas con discapacidade.

**48**

actividades

**908**

participantes

*[Handwritten signatures and scribbles in blue ink on the left side of the page, including a signature that appears to read 'Carbor hola' and another that reads 'Freddy Torres']*

*[Handwritten signature in blue ink on the right side of the page]*

*[Handwritten signatures and scribbles in blue ink at the bottom of the page, including a signature that reads 'R. Cornejo, F. de' and another that reads 'Fili']*



Usuaría e voluntaria de COGAMI participan no proxecto SANA nunha actividade desenvolvida en Francia



Usuaría da asociación ADISBISMUR participa nunha travesía do Laion pola ría de Muros

### Programa lecer náutico



Xorde tras unha colaboración entre o Real Club Náutico de Sanxenxo e a Fundación Mapfre para a realización de escolas de vela dirixidas a persoas usuarias dos distintos centros xestionados por COGAMI e as súas entidades membro.

As actividades están englobadas nun programa de respiro, que contempla un curso de iniciación á vela de 20 horas.

**184**

participantes

### Proxecto Gavea



O proxecto Galicia Vela Adaptada púxose en marcha o ano 2002 para fomentar a participación das persoas con discapacidade en actividades náutico-deportivas, derribando así as barreiras que impiden o uso do medio mariño.

O veleiro Laion, conta cunha tripulación formada por persoas voluntarias.

**259**

participantes

### Proxecto Máis que deporte - Decathlon



Este proxecto permite dispoñer de material deportivo para introducir a práctica deportiva nos centros e asociacións.

Un día á semana achegámonos ao ping-pong, bádminton, tenis, pilates, golf, baloncesto, fútbol, slálon, etc.

Púxose en marcha en 2017 coa colaboración da Fundación Decathlon, e ten unha duración de 3 anos.

**379**

participantes

### Outros

**73** participantes

Día da Fundación Decathlon

**4** participantes

Desafío SANA (AGANPLUS)

**9** participantes

Enki Galicia

*(Vertical list of handwritten signatures on the left margin)*

*(Handwritten signature on the right margin)*

*(Horizontal list of handwritten signatures at the bottom)*



**DÁMONOS A  
COÑECER**



Accede Social actualiza a súa imaxe corporativa

*[Handwritten scribble]*

*[Handwritten scribble]*

*[Handwritten scribble]*

*Unha h...*

*[Handwritten scribble]*


*[Handwritten scribble]*

*[Handwritten scribble]*

*[Handwritten scribble]*

*[Handwritten signature]*  
HE Coñecemento

*[Handwritten scribble]*



**Contacto cos medios**

**93**

notas de prensa enviadas das que se publicaron o 90%

**465**  
Medios dixitais

**74**  
Radio

**29**  
Televisión

**1.685**  
Xornais e revistas




**268**  
Outros

2.521 impactos



**Presenza en internet**

Web	Blog	Redes Sociais
<p><a href="http://www.cogami.gal">www.cogami.gal</a> 87.015 visitas</p>	<p><a href="http://cogami.blogspot.com">cogami.blogspot.com</a></p>	<p><b>20.381</b> persoas seguidoras <b>8.16%</b> aumento da comunidade</p>
<p>Redeseño web + imaxe: <a href="http://activasocialett.gal">activasocialett.gal</a> <a href="http://accedesocial.gal">accedesocial.gal</a> <a href="http://cualicar.gal">cualicar.gal</a></p>	<p><a href="http://galegadeeconomia.social.gal/blog">galegadeeconomia.social.gal/blog</a></p>	<p><b>2.697</b> persoas seguidoras <b>12.70%</b> aumento da comunidade</p>



**Publicación trimestral**

Editamos O Boletín, que se envía por correo postal a persoal laboral das oficinas, asociacións membro, grupo de empresas, representantes

da Administración Pública, entidades financeiras e colaboradoras, e voluntariado. Tamén se envía a subscritores por correo electrónico.

**1.400**

exemplares

Handwritten signatures and scribbles in blue ink are scattered across the page, including a large signature at the top left, a signature on the left margin, and several signatures at the bottom.



### Congreso Economía Social

Organizamos o VIII ANNUAL CONGRESS OF GLOBAL ECONOMIC ACCOUNTING, un foro sobre valor social e economía sostible que reuniu en Santiago a persoas expertas, como o profesor da Universidade

de Deusto, José Luis Retolaza, quen explicou a metodoloxía utilizada para medir o valor social. Tamén participaron persoas investigadoras e docentes das universidades de Santiago de Compostela, Vigo, País Vasco, La

Laguna, do centro universitario IESIDE e representantes de gobernos autonómicos como o de Galicia, Navarra e País Vasco. O tecido empresarial galego tivo presenza como Vegalsa, Calvo e Caixabank ante un aforo superior ás cen persoas.

31

convenios asinados: 18 privados e 13 públicos



COGAMI organiza o Congreso Valor Social e Desenvolvemento Sostible en Santiago



COGAMI asina un convenio coa Deputación de Lugo

### Traballamos en rede con outras entidades sociais

COGAMI aposta por establecer relacións co tecido empresarial, coa Administración, fundacións e outras organizacións sociais para establecer vínculos e alianzas de colaboración.

### Relacións institucionais

Fomentamos a participación e alianzas con outras entidades afíns a nós como son Cermi Galicia, EAPN Galicia e COCEMFE, das que formamos parte dos seus grupos de traballo.

Handwritten signatures and scribbles on the left side of the page.

Handwritten signatures and scribbles at the bottom left of the page.

Handwritten signatures and scribbles at the bottom of the page.



O hotel OCA Puerta del Camino premia a COGAMI pola súa traxectoria

### Participación en campañas

Colaboramos en campañas con outras entidades do Terceiro Sector como a presentación da #XSolidaria na campaña da declaración da renda, a presentación do símbolo #DisOrganic, imaxe

que representa a discapacidade orgánica ou a difusión do 3 de maio como o Día Nacional en España da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, entre outras.

162

redes e foros

### Participamos en foros

COGAMI asiste e participa en eventos, congresos, seminarios, foros e charlas como convidada, unhas plataformas de difusión idóneas para dar a coñecer o traballo que desenvolvemos tanto a nivel galego como nacional e internacional.



Reunión entre o Vicepresidente de COGAMI e o Alcalde de Ames

Handwritten signature in blue ink on the left side of the page.

Handwritten signature in blue ink on the left side of the page.

Handwritten signature in blue ink at the bottom left.

Handwritten signature in blue ink at the bottom left.

Handwritten signature in blue ink at the bottom center.

Handwritten signature in blue ink at the bottom center.


Handwritten signature in blue ink at the bottom center.

Handwritten signature in blue ink on the right side.

Handwritten signature in blue ink on the right side.



**CREAMOS EMPREGO**



**COGAMI participa maioritariamente en Galega de Economía Social (GES), empresa matriz do grupo mercantil. A organización empresarial está constituída por nove centros especiais de emprego de iniciativa social e xestiona outros dous máis, sendo estes Combina Social S.L. e Activa Social ETT S.L.**

**Traballamos en diferentes sectores**

-   
Medio Ambiente
-   
Téxtil
-   
Artes gráficas
-   
Distribución
-   
Alimentación
-   
Consultoría
-   
Transporte

**Situación actual das iniciativas empresariais**

2019 foi un ano positivo, consolidamos o crecemento económico na maioría das iniciativas empresariais. Sen embargo, Coregal, resentíuse tras sufrir os efectos do mercado do papel e

cartón, que se mantén nunha tendencia negativa. Un dos piares de crecemento deste ano resultou ser a planificación e coordinación da actividade comercial na busca de novos clientes, xunto cos procesos de

profesionalización continua. A consolidación e o mantemento dos centros especiais de emprego teñen como obxecto a sostibilidade económica e a xeración de emprego estable das persoas con discapacidade.

[Handwritten notes and signatures in blue ink on the left margin]

[Handwritten signatures and notes in blue ink at the bottom of the page]



Homos de Lamastelle presente en Intersicop, o salón internacional de panadería e pastelería celebrado no IFEMA



A área de RRHH estivo presente na Feira de Emprego Business School para recrutar talento

### Evolución do emprego nas empresas

O cadro de persoal do conxunto dos 11 centros especiais de emprego é de 663 persoas traballadoras, das que máis do 90% teñen discapacidade.

### Subvencións e axudas financeiras percibidas

Xestionáronse subvencións da Consellería de Economía, Emprego e Industria ao custo salarial para o mantemento de centros especiais de emprego, así como subvencións a persoal para unidades de apoio.



Trameve acolleu a presentación da campaña de prevención de riscos laborais nos centros especiais de emprego



*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*  
H.ª Carmen F. B.

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*



Combina Social asina un convenio coa Universidade de Santiago e o Concello para facer accesible o campus Sur de Santiago de Compostela



Dixardín asina un convenio co concello de Carballo re

### Asistencia persoal

É un recurso que facilita e posibilita a autonomía das persoas, evitando o seu illamento e en moitos casos supón a capacidade de desprazamento, abrindo a posibilidade de ter acceso a servizos, lecer, formación, traballos, resolución de continxencias....

Esta xestión realizana dúas empresas:

MEULAR Servizos Asistenciais, S.L.U. e COMBINA SOCIAL, que posibilita unha maior

dispoñibilidade de horas de prestación e a exención de I.V.E.

97

persoas usuarias

287

asistentes persoais

Centros de fisioterapia e terapia ocupacional en Santiago e Vigo

Son centros sociosanitarios para a realización de actividades dirixidas a rehabilitación e mellora da independencia funcional físico-motora, para deter ou minimizar os procesos dexenerativos e estimular as posibilidades de movemento e autonomía persoal.

Participaron 180 persoas nos servizos de fisioterapia e terapia ocupacional, prestados por unha fisioterapeuta en Vigo e unha



o ás zonas verdes municipais



Coregal asina un convenio de recollida de papel e cartón coa Comunidade de Proprietarios do Polígono de Carballo

11

centros de día con 460 prazas: Coia e Valadares, en Vigo, Porto do Son, O Porriño, Rois, Tomiño, Mondariz, Baiona, A Pobra do Caramiñal e Vilagarcía

Son servizos que prestan atención ás persoas maiores con dependencia ou en risco de padecela, e ás súas familias.

427

persoas atendidas

A través da UTE COGAMI-SIAD24-COMBINA xestionáronse 64 prazas de residencia e 40 prazas de centro de día pertencentes ao centro residencial e de día de Arteixo, no que traballan 51 persoas. Enlazado con este servizo, xestionáronse diferentes Proxectos de Envellecemento Activo e Hábitos Saudables de contratación municipal que se desenvolveron nas zonas de influencia destes servizos, concretamente nos concellos de Tomiño e Porto do Son.

fisioterapeuta e unha terapeuta ocupacional en Compostela.


**Centros de día para persoas maiores (servizos de atención diurna)**

COGAMI leva 9 anos xestionando servizos de centros de día para persoas maiores de titularidade pública do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e de titularidade municipal.

*Verbor hild*  
*[Handwritten signatures]*

*[Handwritten signatures]*

*[Handwritten signatures]*  
*H.ª Correira Feb 2*






## ESTAMOS AQUÍ

Atendemos tanto no ámbito rural como no urbano

# 65

puntos de atención localizados nas catro provincias galegas





**ENTIDADES  
MEMBRO**

*Verbor di...*

*[Handwritten signatures and scribbles]*



**AGADHEMO**

A Asociación Galega de Hemofilia realizou en 2019 actividades e programas como a Hemoescola, obradoiros de formación a proxenitoras/es de menores con hemofilia e outras coagulopatías; o programa SaludItinere

de tratamento en domicilio; o SAIP, servizo de atención e información permanente; o programa AtendHemos, que presta servizo na zona rural; o programa ApoiHemos de apoio psicolóxico e físico e o programa

AprenHemos Xuntas dirixido a mulleres con coagulopatías. Tamén fixemos unhas xornadas de Convivencias onde 21 familias de toda Galicia se reuniron durante unha fin de semana para compartir experiencias.



**ACADAR**

A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia executou un total de 17 programas nos que participaron 1.285 persoas: Enrédate e Empoderar para decidir e Emprego e saúde a través do empoderamento. Dentro da liña de

emprego, o Servizo de Inclusión e transición ao emprego para mulleres con discapacidade e o programa Acceso ao Traballo Remunerado 2.0. Outros dos programas desenvolvidos foi VIO 7: Ver para erradicar, a través

do que realizaron formacións sobre xénero e violencia contra as mulleres con discapacidade. Outro dos proxectos realizados foi Comunica a Conciencia, unha aplicación correctora de linguaxe inclusiva e non discriminatória.




**FEDERACIÓN  
COGAMI CORUÑA**

A Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade da Provincia de A Coruña durante 2019, traballou na potenciación do movemento asociativo, prestando apoio ás 23 entidades adheridas para que, individualmente e/

ou colectivamente, acadasen os seus fins. Recibiu 340 peticións de apoio das asociacións da provincia, dende a realización de trámites ata a redacción de estatutos, negociación con administracións públicas e confección de solicitudes de

subvencións e axudas. Entre os servizos ofertados destaca o de Fisioterapia en Ferrol e A Coruña e o de Recuperación, rehabilitación e mantemento das capacidades funcionais en balnearios a persoas con discapacidade.

*[Handwritten signatures and scribbles at the bottom of the page]*



**AMARAI**

A Asociación de Persoas con Discapacidade de Arzúa e Terra de Melide puxo en marcha un obradoiro de marquetería, un grupo de preparación de oposicións e charlas de prevención de bulling a persoas con discapacidade en

colexios e institutos. Adquiriuse tamén un sistema combinado de láser e electroestimulación para mellorar as terapias prestadas dende o servizo de fisioterapia. Tamén se fixeron melloras nas instalacións aumentando o espazo

de almacenaxe, o mobiliario das aulas e o equipamento de limpeza mediante robotización. Durante 2019 incorporáronse ao equipo de profesionais 3 novos perfís: terapeuta ocupacional, educadora social e administrativo.



**ÍNTEGRO**

A Asociación de Persoas con Diversidade Funcional da Costa da Morte impulsou a formación en Competencias Clave e a preparación dos exames ás oposicións de subalterno da Xunta. Máis de 550 persoas beneficiáronse

da campaña de prevención de lesión medular dirixida a estudantes de IES de 9 concellos da Costa da Morte. 430 menores realizaron convivencias con persoas con discapacidade onde mostramos a diversidade como algo natural.

O programa PIMD RURAL beneficiou a 36 mulleres ás que se lles facilitou empoderamento no ámbito rural. Destacan tamén as xornadas de Xogos Populares e o Día da Inclusión, que xuntaron a máis de 200 persoas en cada unha delas.



**ADISBISMUR**

A Asociación de Persoas con Discapacidade da Bisbarra de Muros realizou cursos de alfabetización, lectura e audiovisuais, informática, habilidades sociais e teatro. Mantivo activos os servizos de logopedia, ximnasia

de mantemento, terapia ocupacional, fisioterapia, musicoterapia, bailoterapia, natación terapéutica, traballos manuais e educación social. Tamén fixeron saídas e excursións, visitas a museos, participaron en actividades

deportivas e realizaron festivais a favor da entidade. A asociación realizou ademais visitas domiciliarias a persoas con discapacidade da comarca, escolas de familias e obradoiros de cestería e cerámica nos institutos da comarca e arredores.




**ÁMBAR**

A Asociación ÁMBAR das Persoas con Diversidade Funcional da comarca do Barbanza comezou co programa I Work, enfocado a promover o emprego inclusivo na comarca. A V Carreira pola Diversidade marcou o seguinte evento destacable.

ÁMBAR continuou promovendo a autonomía persoal e a igualdade de oportunidades a través dos servizos de atención diúrna e vivenda con apoio, os programas de deporte inclusivo (coa participación por primeira vez na liga de

fútbol sala da FGDA), das artes (grupo de teatro Artellar), itinerarios de inserción laboral, promoción da accesibilidade universal e actividades de sensibilización. Destaca tamén o xardín sensorial no centro de recursos que ten a entidade.





**AVANTE**

A Asociación de Persoas con Discapacidade de Val do Dubra, AVANTE, durante o ano 2019 mantivo as súas tres liñas de traballo: centro ocupacional e de día no centro de recursos de Niveiro e a vivenda tutelada. En cada unha destas

actuacións apostouse pola consolidación dos servizos dirixidos ao fomento integral das capacidades e habilidades de todas as persoas usuarias pertencentes á asociación, co obxectivo de favorecer a súa independencia, autonomía e

empoderamento. Ademais, neste ano incrementáronse as actividades de lecer, especialmente as de lecer inclusivo, para favorecer a dimensión social das persoas con discapacidade, aproveitando os numerosos recursos que ofrece a contorna.



**MISELA**

A Asociación de Persoas con Discapacidade das comarcas de Noia e Muros prestou servizos como o do Equipo de Desenvolvemento Infantil e Atención Temperá, dirixido a nenas e nenos de entre 0 a 16 anos con discapacidade e as

súas familias. Contou tamén con atención individualizada de fisioterapia, terapia ocupacional, psicoloxía, logopedia, etc. Este servizo durante 2019 contou cun total de 59 persoas usuarias. No centro de día e ocupacional

para persoas con discapacidade intelectual, con 30 prazas dispoñibles, realizaron actividades de horticultura, decoración, psicomotricidade, adestramentos deportivos, fisioterapia, logopedia, psicoloxía, apoio educativo, etc.



**AMICO**

A Asociación de Persoas con Discapacidade de Compostela e Comarca seguiu realizando actuacións integradas no Servizo de Rehabilitación IX cofinanciado pola Deputación da Coruña, con sesións de fisioterapia e

terapia ocupacional. Realizáronse 4 grupos de ximnasia adaptada e actividades acuático terapéuticas adaptadas na piscina de Roxos ademais dunha charla informativa en Cacheiras (Teo) xunto co Concello. AMICO tamén respaldou a realización

dun grupo de apoio no centro social O Romaño para compartir tempos de relaxación e movemento, e seguiu participando co estudantado da Facultade de Xornalismo a través do Observatorio Cidadán de Comunicación (OCC).



**ASOTRAME**

A Asociación Galega de Transplantados de Medula Ósea desenvolveu actividades de sensibilización, información e de apoio social e psicolóxico a pacientes que tiveron algún tipo de cancro hematolóxico e as súas familias.

Realizaron charlas de sensibilización en centros educativos de Ferrol, A Coruña e Compostela, ás que asistiron máis de 1.000 escolares. Continuaron co proxecto de Atención Psicosocial que atendeu a máis de 70 persoas, e tamén co proxecto

Como en Casa, que contou cunha vivenda de estadia temporal preto do CHUAC de A Coruña, que foi utilizada por 12 familias ao longo do ano. Para darse a coñecer, editou a sexta edición da revista Vivir é Incrible, cunha tirada de 1.000 exemplares.

*[Handwritten signature]*



**ASPAMITE**

A Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade de Teo realizou actividades de educación física e psicomotricidade, pilates adaptado, natación, fisioterapia, informática, iniciación ao teatro, logopedia e terapia ocupacional. Tamén desenvolveu

obradoiros de cestería, confección de alfombras, ensartado, xardinería, cociña e encadernación. Participou na Festa das mulleres, organizou a XVI edición do concurso de relatos curtos, lanzou o I Concurso de postais de Nadal, organizou

escolas deportivas e de natación, musicoterapia, danza e expresión corporal, actividades para a igualdade entre mulleres e homes, obradoiros de escritura expresiva, actividades contra a violencia de xénero, saídas ao cine e concertos de Jazz.



**CONARTRITIS SANTIAGO**

A Delegación que representa ás persoas con artrite reumatoide, artrite psoriásica, artrite idiopática xuvenil e espondiloartrite, organizou charlas trimestrais da Escola de Pacientes, orientadas a cubrir as necesidades das persoas con

artrite, realizadas en colaboración co Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela e o xefe de servizo da área de Reumatoloxía, o doutor Antonio Mera. Realizou tamén actividades divulgativas como un vídeo fórum,

unha andaina, a iluminación de edificios polo Día da Artrite e a participación en mesas informativas sobre esta doenza. Outras actividades desenvolvidas foron balneoterapia, ximnasia osteoarticular como Taichí, Chi- Kung e meditación.



**ACEM SANTIAGO**

A Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple levou a cabo o seu programa de Rehabilitación Integral no que prestou servizos de traballo social, psicoloxía, terapia ocupacional, fisioterapia e logopedia e outras terapias de

lecer como pilates, golf, cineforum, pintura, relaxación e danzaterapia. Tamén participaron en actividades no Entroido, na Social Week, na V Carreira e andaina solidaria pola Esclerose Múltiple, en conferencias sobre a Actualización

diagnóstica e terapéutica dos síntomas urolóxicos en Esclerose Múltiple, a Xornada Vivir con Esclerose Múltiple e durante o Día Nacional da Esclerose Múltiple colocaron mesas informativas en distintos puntos da cidade.



**ALCER CORUÑA**

A Asociación para a Loita Contra as Enfermidades do Ril de A Coruña, seguiu a súa loita pola mellora da calidade de vida das persoas con enfermidade renal crónica (ERC) e ás súas familias, a través do seu acompañamento e

asesoramento. Tamén dedicou esforzos á promoción da doazón de órganos a través do programa Alcer 7vidas. Para levar a cabo estes obxectivos, contouse con catro profesionais de traballo social, unha terapeuta ocupacional, unha administrativa e o equipo de voluntariado

da entidade. Entre as actividades realizadas destacan os tres obradoiros sobre coidados nutricionais, un obradoiro de exercicio físico, a creación do grupo de persoas con ERC, e diversas actividades de lecer feitas nas súas tres delegacións.

*Vertical handwritten notes and signatures on the left margin, including a large signature at the bottom.*

*Handwritten signatures and initials on the right margin.*

*Large handwritten signatures and initials at the bottom of the page.*



*[Handwritten signature]*



**ACEM CORUÑA**

A Asociación Coruñesa de Esclerose Múltiple participou na 4ª edición de Barbería Solidaria organizada polo concello de A Coruña, en colaboración co barbeiro José Segundo Mallo. O Dj La Isla amenizou a xornada. Houbo máis música da man dun concerto

solidario organizado no Forum Celticum e no que actuaron Mar de Fondo, Tequila Road e J.D. Vázquez xunto a Carlos Campoy, entre outros. Máis de 140 persoas participaron no III Torneo de Pádel Solidario celebrado en A Coruña Sport Center (CSC) e organizáronse

unhas charlas sobre a Esclerose Múltiple nas que participaron a neuróloga do CHUAC López del Real e a doutora rehabilitadora do Hospital Marítimo de Oza, Rosa Martín. Tamén estivo presente no Día Nacional da EM con varias mesas informativas.



**GRUMICO**

O Grupo de Persoas con Discapacidade Física de A Coruña desenvolveu actividades de fisioterapia, terapia ocupacional, transporte adaptado, traballo social, un servizo de información, asesoramento e promoción da

accesibilidade ou cursos de educación financeira. Participou na campaña DisOrganic pola visibilidade da discapacidade orgánica, e realizou un taller de introdución ao Mindfulness. Seguiu a formar a persoas con

discapacidade na súa escola de xoiería e realizou catas de doces, tenis de mesa, boxeo ou campamentos de verán. Ademais creouse un grupo de WhatsApp onde as persoas socias propoñen plans de lecer e tempo libre.



**GRUPO DIVERSIDADE FERROL**

A Asociación Grupo Diversidade Funcional Ferrol e Comarcas prestou servizos de rehabilitación, transporte adaptado ademais de diferentes obradoiros de temática variada: Falando en positivo, Retomar a loita, Diabete e outras enfermidades

metabólicas, manexo do Smartphone, introdución á informática ou clases para aprender nocións administrativas básicas. Durante o ano 2019, a entidade tamén dedicou tempo a reclamar dereitos como a vida independente

e autónoma, o dereito a accesibilidade universal, á educación inclusiva e para todas as persoas, ao emprego, á sanidade e a defensa da igualdade entre mulleres e homes, ademais da loita para ter pensións dignas e non de supervivencia.



**ASPANEMI**

A Asociación de Pais de Nenos con Minusvalía de Narón leva a cabo un programa de Apoio Familiar no que se traballa o ámbito educativo familiar e persoal. ASPANEMI contempla unha escola de pais e nais no que poder

compartir experiencias, dúbidas e problemas; unha aula pedagóxica que presta apoio e atención educativa; terapia individual e obradoiros de psicomotricidade. No programa de Cooperación Social recollen tapóns en apoio de Alba e tamén

desenvolve o programa de hipoterapia ou terapia con cabalos. Dentro das actividades de lecer e tempo libre, desenvolven obradoiros de pintura, practican esquí adaptado e realizan convivencias familiares e diferentes excursións.

*[Vertical handwritten notes and signatures on the left margin]*

*[Handwritten signatures on the right margin]*

*[Handwritten signatures at the bottom of the page]*



*[Handwritten signature]*



**LIREGA**

A Liga Reumatolóxica Galega realizou xornadas sobre enfermidades reumáticas e muscoesqueléticas polas provincias galegas e charlas dirixidas ás familias e á infancia, sobre embarazo e violencia no fogar. Continuaron

co servizo de Atención a Domicilio de Persoas Maires, coa atención psicolóxica e terapia ocupacional, e coa intermediación coa contorna. Incorporou os premios á investigación nas patoloxías que representa e a súa visibilización a través

de videos ou relatos nos que as/os pacientes contan as súas experiencias. Colocaron mesas informativas por distintos puntos da comunidade e interviñeron en congresos de pacientes crónicos e inmunomediados.



**A XANELA**

A Asociación de Discapacitados Activos de As Pontes desenvolveu actividades terapéuticas a través de obradoiros de adestramento e mantemento funcional, do programa de estimulación cognitiva e sensorial,

de habilidades manipulativas, do programa de psicomotricidade e mantemento físico e da terapia ocupacional. Tamén dende A Xanela, durante o ano 2019, informaron e asesoraron en produtos de apoio, ofreceron servizo

de fisioterapia e organizaron obradoiros de bolillos, pilates, ganchillo, risoterapia, hidroterapia e musicoterapia. Outras das actividades que realizaron estiveron relacionadas co lecer e tempo libre como numerosas saídas e participación en festas.



**AGAL**

A Asociación Galega de Lupus conta cun programa de acollida que ofrece información e asesoramento ás persoas con Lupus e as súas familias. Durante 2019 a entidade asistiu ao XVIII Congreso Nacional de Lupus en Sevilla, celebrou o Día

Mundial do Lupus a través da colocación de mesas informativas en diferentes localidades e logrou que nesta data diferentes concellos iluminaran monumentos e edificios emblemáticos en cor morada. Ademais publicou as edicións nº 74 e 75

da revista Papilio, nas que resume as actividades da asociación, organizou en Ribeira a III Andaina benéfica a prol do Lupus e en Boiro o III Xantar Benéfica a prol de AGAL. Ambos actos contaron con moita repercusión mediática e difusión en redes.



**APROM**

A Asociación Prominusválidos de Cariño participou en distintas actividades de lecer e tempo libre como a asistencia a un partido de baloncesto en Santiago entre o Monbus Obradoiro e o Iberostar Tenerife, o xantar anual que reúne ás persoas membro da

entidade, a celebración do XXII festival anual de APROM no Auditorio Municipal, no que participaron seis agrupacións do concello e co que conseguiron recadar un total de 518 euros. Con estes cartos puideron ir de excursión a Cerceda e

a Vigo. O ano rematárono cunha charla sobre os beneficios fiscais que teñen as persoas que están en posesión do certificado de discapacidade e que impartiron no local da entidade catro representantes da empresa Mapfre.

*[Large handwritten signature on the left margin]*

*[Handwritten signature on the right margin]*

*[Multiple handwritten signatures at the bottom of the page]*



**ANDADE**

A Delegación en Galicia da Asociación Nacional de Amputados de España durante 2019 participou en diferentes actos como foron: asistencia ás xuntanzas da Comisión Sociosanitaria de COGAMI da que forma parte; participación na concentración

da campaña do X Solidario para sensibilizar ás persoas contribuíntes que marquen na declaración da renda o recadro Actividades de interese social; apertura dun espazo informativo no hospital Montecelo de Pontevedra con

apertura o primeiro e último martes de cada mes; descenso do río Sella, participación en Sanxenxo de aqua kart, ademais de asistir ao congreso de Valor Social organizado por COGAMI e á asemblea nacional da entidade celebrada en Valladolid.



**FEDERACIÓN COGAMI LUGO**

A Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade de Lugo atendeu un total de 182 consultas a través do Servizo de Información, Orientación e Asesoramento. Realizáronse 13 charlas de información e sensibilización nas

que participaron 378 persoas. Realizou actividades formativas en colaboración con COGAMI. A través do Servizo de Intervención Social atendéronse 46 persoas con discapacidade e familias. Continuouse co taller prelaboral de Monterroso no que

participan 13 persoas usuarias e na área de Autonomía Persoal atendéronse a 39 persoas a través do Servizo Especializado de Terapia Ocupacional. Tamén apoiou as actividades de COGAMI para facilitar a autonomía persoal das persoas.



**A MARIÑA COGAMI**

A Asociación de Persoas con Discapacidade de A Mariña Lucense desenvolveu un programa de Saúde que contemplaba actividades de fisioterapia e atención domiciliaria, terapia Reiki, masaxe Shiatsu e reflexoloxía podal,

ademais de terapia ocupacional, logopedia, terapia psicolóxica grupal e un obradoiro de informática. No centro de recursos que ten a entidade en Palmeiro realizaron un programa de desenvolvemento integral subvencionado pola Fundación

ONCE e polo 0,7% do IRPF, participaron no proxecto Movémonos, que organiza a Deputación de Lugo, ademais de realizar unha charla de prevención de lesións medulares, resolver consultas sobre asociacionismo e discapacidade.



**AGORA**

A Asociación de Persoas con Discapacidade da comarca de Lemos xestionou un centro de día con 23 prazas e 2 apartamentos tutelados de 7 prazas nos que se ofertaron servizos de fisioterapia, logopedia, psicoloxía, ximnasia de mantemento,

intervención social e familiar, transporte adaptado e comedor. Entre as actividades de lecer destacou a participación en festas populares de Monforte, escapadas a lugares de interese ou o programa de Respirio Familiar. Continuaron

cos proxectos RED+Capacidade, +Que Deporte, o de Mellora do Servizo de Atención Integral e o programa Tecendo Emprego. Tamén realizou un servizo de Estimulación cognitiva e habilidades sociais para persoas con discapacidade.

Handwritten signatures and scribbles in blue ink on the left side of the page, including a large signature at the top and several smaller ones below.

Handwritten signature and scribbles in blue ink on the right side of the page.

Handwritten signatures and scribbles in blue ink at the bottom of the page, including a signature that appears to say 'Hº Coruña Fer.'.



**ALCER LUGO**

A Asociación para a Loita de Enfermidades Renais de Lugo realizou charlas en concellos e institutos durante o Día Mundial do Ril e o Día do Doante realizou actividades de sensibilización. Organizou un concerto solidario,

colocou unha mesa informativa durante o Día do Cancro Renal e organizou as XIII Xornadas Renal. Organizou un taller de cociña saudable, outro de emocións, iniciou un curso de primeiros auxilios para persoal e colaboradores da entidade, así como,

tras un convenio coa Universidade de Santiago de Compostela, desenvolveu programas de asesoramento nutricional e psicolóxico. Outros dos obradoiros realizados foron de manualidades e de ximnasia.



**AUXILIA MONFORTE**

Auxilia Monforte presta Servizo de Atención socioasistencial, información, orientación e visitas domiciliarias; talleres de estimulación cognitiva e psicomotriz; actividades culturais e de lecer: magosto, Nadal, festa de fin de curso, visitas

socioculturais ao Museo de Arte Sacro das Clarisas en Monforte de Lemos, á Casa das Ciencias, ao Domus e o Aquarium; taller de costura e manualidades, e venda posterior de todo o elaborado nun Mercadillo Solidario; exercicio físico dentro

do programa MOVÉMONOS promovido pola Diputación Provincial de Lugo; sensibilización social, concienciación, eliminación de barreiras arquitectónicas e a celebración da VIII Edición da Cea Benéfica.



**FEDERACIÓN DISCAFIS COGAMI**

A Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade de Ourense continuou prestando servizos de logopedia, educación social, traballo social e transporte adaptado atendendo ao longo do ano a 93 persoas. Outro dos servizos,

o de préstamo de guindastres eléctricas, beneficiou a 23 persoas e impartíronse charlas de sensibilización a escolares de infantil, primaria e ESO en toda a provincia de Ourense. No programa de xestión económica

levouse a contabilidade de tres entidades membro e participouse en actividades de lecer náutico, nas concentracións organizadas por COCEMFE no Día da Discapacidade e formou parte da mesa de servizos sociais do concello de Ourense.



**AIXIÑA**

A Asociación de Discapacidade Física, Parálise Cerebral, Dano Cerebral Adquirido e Terceira Idade Dependente, mantivo para as 407 persoas socias da entidade todos os servizos: Información e asesoramento; Rehabilitación

(fisioterapia, logopedia, terapia ocupacional, musicoterapia); transporte adaptado e o programa de Lecer e Tempo libre. O centro de día para maiores dependentes ALBOREXO e a residencia Domingo Gómez Freire de persoas con

discapacidade dependentes, mantiveron completa a súa ocupación e o centro de día AIXIÑA incrementou o seu número de prazas autorizadas e ocupadas. O centro especial de emprego aumentou a 116 persoas traballadoras.

*[Handwritten signatures and scribbles in blue ink on the left margin.]*

*[Handwritten signatures and scribbles in blue ink at the bottom of the page.]*



Handwritten signatures in blue ink at the top of the page.



**ALCER OURENSE**

A Asociación para a Loita contra as Enfermidades Renais de Ourense realizou varios obradoiros de alimentación. Para fomentar a doazón de órganos, impartiu charlas pola provincia, tanto en sedes da Cruz Vermella como nos

centros cívicos da cidade. Tamén realizou difusión durante o Día do Ril e o Día do Doador a través da instalación dunha carpa cunha mesa informativa na rúa do Paseo de Ourense e no CHUO, onde persoal sanitario realizou medicións

de tensión, glucosa e peso ás persoas que se achegaban. Polo Día do Cancro de Ril desenvolveu unha campaña en redes sociais. Durante unha semana publicouse unha foto e un texto para concienciar á poboación sobre esta enfermidade.



**DISVALIA**

A Asociación de Persoas con Discapacidade da comarca de Valdeorras durante o ano 2019 levou a cabo cursos co fin de crear oportunidades de empoderamento para as persoas con discapacidade e de participación social:

obradoiros para mellorar a memoria, de sexualidade e violencia machista ou de manualidades. Asistiu a festas organizadas na vila como o magosto ou o Entroido, confeccionou alfombras florais por Corpus e participou na elaboración dos Maíos.

Ademais, desenvolveu un ano máis o proxecto de fisioterapia que ten en beneficio das persoas asociadas á entidade, organizou un festival polo aniversario e, dentro das actividades de lecer e tempo libre, realizou unha visita cultural a Ponferrada.



**ALGARIA**

A Asociación de Persoas con Discapacidade da comarca da Limia realizou actividades dirixidas por unha banda á atención das persoas asociadas e, por outra, á sociedade en xeral. A maioría das actividades

realizáronse no segundo semestre do ano: un curso de pintura financiado polo concello de Xinzo de Limia, varias visitas e excursións a Allariz e a Ourense, polo magosto. Ademais levou a cabo outras como fisioterapia, co

apoyo da Federación DISCAFIS-COGAMI en clínicas de Xinzo de Limia e Ourense. ALGARIA contou coa colaboración dunha Traballadora Social e unha Educadora Social que prestaron asesoramento na organización destas actividades.



**PUZZLE**

A Asociación Puzzle para a Loita contra a Exclusión Social e Laboral das Persoas con Discapacidade de Allariz durante o ano 2019 desenvolveu cursos adaptados ás necesidades e capacidades das persoas con discapacidade,

co fin de adquirir as competencias necesarias para o seu desenvolvemento persoal e social: un obradoiro de habilidades sociais, ximnasia de mantemento, natación... Ademais, participaron en actividades de

sensibilización polo Día da Discapacidade e en actividades de lecer e tempo libre desenvolvidas durante todo o ano. Tamén realizaron un obradoiro de radio onde confeccionaron os pormenores deste medio de comunicación.

Vertical handwritten signatures and scribbles on the left side of the page.

Handwritten signatures and scribbles on the right side of the page.

Large handwritten signatures and scribbles at the bottom of the page.



**AFFOU**

A Asociación de Fibromialxia, Síndrome de Fatiga Crónica e Sensibilidade Química Múltiple de Ourense mantivo os servizos de atención social, psicolóxica (a nivel individual e grupal) e terapias físico-rehabilitadoras (fisioterapia e

hidroterapia). Tamén realizou actividades como o xantar benéfico, as tres charlas-coloquio sobre Nutrición na fibromialxia: prevención e complementación, saúde bucodental a persoas con fibromialxia e De preto coa Fibromialxia e a

Síndrome de Fatiga Crónica. Celebraron o Día Mundial da Fibromialxia cunha andaina solidaria en A Peroxa e outra en Armariz. Ademais, participou en eventos sociosanitarios e campañas de sensibilización da Fibromialxia.



**AODEM**

A Asociación Ourenzá de Esclerose Múltiple, ELA, Parkinson e outras Enfermidades Neurodexenerativas organizou a Carreira Popular San Martiño, a II Carreira Inclusiva e a Carreira "Eu son libre para correr", en Ourense. Estivo presente no

Día Mundial das Enfermidades Raras, o Día Mundial do Párkinson, o Día Mundial da Esclerose Múltiple, o Día das Discapacidades Orgánicas, e o Día Internacional da Discapacidade. Organizou campañas solidarias a beneficio

da entidade como a II Gala Benéfica Ourense Múltiple en O Carballiño, o campionato galego de Duatlón San Cibrao das Viñas, Duatlón AviaMan, andaina de Cea e Coles, torneo de fútbol sala en Barbadás e teatro benéfico en Maside.



**ASDIFICA**

A Asociación de Discapitados Físicos de O Carballiño, ao longo do ano 2019 dedicou os seus esforzos a tratar de mellorar a independencia e a autonomía das persoas usuarias e socias da entidade. Participou en programas de lecer

e tempo libre como foi a travesía dende o porto de Camariñas a bordo do veleiro Laion de COGAMI dentro do Proxecto Gavea (Galicia Vela Adaptada), que nace no ano 2002 co fin de fomentar a participación das persoas con

discapacidade en actividades náutico-deportivas, derribando as barreiras que impiden o uso do medio mariño. Tamén levou a cabo clases de ximnasia de mantemento e obradoiros para a mellora das habilidades sociais.



**ACCU OURENSE**

A Asociación de Persoas Enfermas de Crohn e Colite Ulcerosa de Ourense prestou o servizo de Atención Integral, Promoción da Autonomía Persoal e Inclusión Social das persoas con enfermidades inflamatorias intestinais

(EII), dentro do programa de atención á dependencia e autonomía persoal financiado por COGAMI e a Xunta de Galicia. Implantou baños adaptados para persoas ostomizadas, a tarxeta aparcadoiro para persoas con EII e protocolos

de actuación en centros educativos para alumnado con EII. Levou a cabo o proxecto Acceso ACCU, a VI Xornadas ACCU Ourense, participou en eventos sociosanitarios e na integración sociolaboral e apoio en domicilio e hospitalizacións.

*Handwritten signatures and scribbles in blue ink on the left margin.*

*Handwritten signatures and scribbles in blue ink at the bottom of the page.*



**FEDERACIÓN  
COGAMI  
PONTEVEDRA**

A Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade da provincia de Pontevedra continuou prestando servizos de apoio, información e asesoramento a 36 persoas e ás 16 entidades pertencentes á Federación.

Continuaron levando a cabo actividades de fisioterapia, natación terapéutica e termalismo, danzaterapia e logopedia. Outra das liñas de actuacións desenvolvidas foi o fomento do movemento asociativo

que recibiu a solicitude de entrada de tres novas entidades. Tamén participou en actividades de deporte adaptado, así como nas Campañas #DisOrganic, onde se dá a coñecer a discapacidade orgánica, e Baixo o mesmo paraguas.



**AMIZADE**

A Asociación de Persoas con Discapacidade da comarca de Pontevedra prestou servizos de préstamo de axudas técnicas (AMISERPPE), de fisioterapia, hidroterapia, logopedia e apoio psicolóxico. Desenvolveu un

obradoiro de lecer inclusivo, un de música e un de fotografía. Tamén organizou actividades deportivas como pádel, tenis de mesa, Taekwondo, ximnasia e a IV Xornada Multideportiva. Promoveu o empoderamento

das mulleres con discapacidade a través de distintas actividades reivindicativas. Tamén ofreceu formación e sensibilización social e política, como charlas en colexios de primaria, e denuncias públicas sobre a falta de accesibilidade, entre outras.



**ADAPTA**

A Asociación de Persoas con Discapacidade de O Condado e Paradanta desenvolveu actividades relacionadas coa saúde, informativas e de lecer, fisioterapia, logopedia, natación terapéutica, hidroterapia e

ximnasia, un obradoiro de comunicación e linguaxe e outro de memoria, informática e un de primeiros auxilios. Participou nunha charla sobre recursos para persoas con discapacidade, organizada polo concello de As Neves e con motivo do Día

da Discapacidade, realizou unha xornada sobre deporte inclusivo. Elaborou unha alfombra floral pola Festa do Corpus e participou no proxecto Gavea e no evento Sensea, Turismo Mariñeiro Inclusivo (Ecodestin), en Baiona.



**ALCER  
PONTEVEDRA**

A Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Pontevedra tivo como obxectivo fomentar a autonomía e independencia das persoas con esta doenza a través de información e asesoramento. Levou a cabo reunións con

diferentes organismos e institucións, realizou actividades de sensibilización e concienciación e participou na campaña #DisOrganic para dar a coñecer a discapacidade orgánica. Realizou actividades de lecer como a

saída á Illa da Toxa, celebrou a Festa de Voluntariado en Vilagarcía e as II Xornadas Renais no Hospital Álvaro Cunqueiro e fixo obradoiros de nutrición, e de empoderamento destes pacientes na adquisición de hábitos saudables.

*Vertical handwritten notes and signatures on the left margin.*

*Handwritten signatures and marks on the right margin.*

*Large handwritten signatures and marks at the bottom of the page.*



**AGL**

A Asociación Galega de Linfedema ofrece información, orientación e asesoramento sobre esta doenza e mantivo operativo o servizo de fisioterapia e mantemento do linfedema e lipedema ao que asistiron 90 persoas.

Na Festa da Solidariedade organizou un mercadillo solidario en Vilagarcía; impartiu unha charla na facultade de Fisioterapia de Pontevedra e, unha vez ao mes, deu asesoramento e información no

Hospital Provincial de Pontevedra, Hospital Meixoeiro, Hospital Montecelo, Hospital Universitario de Ourense e Hospital do Salnés. Ademais, colaborou con outras entidades e asistiu a xornadas, reunións e eventos organizados por elas.



**ASEARPO**

A Asociación de Enfermos de Artrite de Pontevedra, ASEARPO, durante o ano 2019 realizou un obradoiro de Tai Chi QiGong, práctica china que traballa coa respiración, as posturas e os movementos lentos, co fin de mellorar

o estado físico das persoas con artrite e promover ao mesmo tempo o exercicio físico adaptado. Tamén desenvolveu un obradoiro de Psicoloxía e control da dor e un de Periodontitis e Xinxivite para previr as doenzas dentais e bucais.

ASEARPO contou cun servizo de fisioterapia e puxo en marcha dúas xornadas adicadas a dar a coñecer a labor da entidade: Un día con artrite e a XV xornada outubro mes da artrite. Por outra banda tamén realizou un concurso de fotografía e postais.



**ASEM Galicia**

A Asociación Galega contra as Enfermidades Neuromusculares prestou servizos de información, orientación e asesoramento en recursos e prestacións, de promoción e autonomía persoal, de produtos de apoio, terapia psicolóxica,

fisioterapia, e vida autónoma (VAVI) e intervención asistida con cans. Realizou as II xornadas galegas sobre enfermidades neuromusculares e a VIII gala benéfica celebrada en Teis. Tamén desenvolveu actividades de lecer e tempo libre como un

curso de vela adaptada no club de iates de Baiona ou clases de danza e expresión corporal. Ademais impartiu charlas en centros escolares sobre educación en valores, discapacidade, aspectos psicolóxicos e abordaxe comunitaria.



**AVEMPO**

A Asociación Víguesa de Esclerose Múltiple de Pontevedra prestou servizos de fisioterapia, atención social e psicolóxica, terapia ocupacional, logopedia, ioga, pilates, meditación... e un obradoiro de expresión artística e visual. Levou a cabo a VII

Carreira Solidaria pola Esclerose Múltiple que contou con case 1.700 participante e tamén Móllate pola Esclerose Múltiple. Realizou unha campaña para dar a coñecer os síntomas invisibles da enfermidade polo Día Mundial e

polo Día Nacional, impartiu conferencias informativas con persoal sanitario no Hospital Álvaro Cunqueiro. Ademais, desenvolveu actividades de lecer, como o curso de vela adaptada e realizou unha excursión ás illas Cies.

Handwritten signatures and scribbles in blue ink on the left margin.

Handwritten signatures and scribbles in blue ink at the bottom of the page.



**AGFQ**

A Asociación Galega de Fibrose Quística levou a cabo diversas actividades de información, sensibilización e concienciación sobre esta enfermidade: un concerto solidario por parte de Prime Ministers, o V Trail Desafío Oia Marqués

de Vizhoja, actividades en hospitais de Vigo e A Coruña, a iluminación de monumentos en diferentes puntos da comunidade galega, un desfile solidario a favor da Fibrose Quística, actividades lúdicas no Día Mundial da Fibrose Quística en Baiona e

a organización da X Xornada de Fibrose Quística. Ademais, este ano a asociación foi certificada con dúas estrelas de excelencia á xestión e compromiso social emitido por Bureau Veritas da Fundación Grupo Develop.



**VONTADE**

A Asociación de Persoas con Discapacidade Vontade, puxo en marcha servizos co obxectivo de fomentar a autonomía das persoas con discapacidade e incrementar a súa participación en todos os ámbitos. 19 persoas

socias e 24 externas beneficiáronse dos servizos de información e asesoramento, fisioterapia, terapia ocupacional, psicología, logopedia ou terapia ocupacional, desenvolvidos no centro de día. A asociación tamén realizou xornadas

de sensibilización e concienciación, obradoiros para adquirir habilidades sociais, clases de piscina terapéutica, actividades náuticas a bordo de embarcacións adaptadas e actividades deportivas como a xerontoximnasia.



**AVANZAR**

A Asociación de Persoas con Discapacidade das comarcas Umia-Ulla durante o ano 2019, continuou levando a cabo servizos e actividades co obxectivo de influír nesta zona, facilitando e favorecendo ao colectivo de persoas

con discapacidade a plena inclusión en todos os ámbitos da sociedade. Ofreceu charlas informativas en colexios da comarca ás que asistiron máis de 300 alumnas e alumnos. Continuou coas actividades de carácter manual,

como os obradoiros en coiro e realizaron actividades de lecer e tempo libre, como por exemplo, a excursión á localidade portuguesa de Braga, participaron nas xornadas de vela adaptada, e tamén visitaron o balneario onde practicaron deporte adaptado.



**ANDURIÑA**

A Asociación de Persoas con Discapacidade de O Salnés durante o 2019 realizou un obradoiro de estimulación cognitiva a través da expresión plástica creativa e un obradoiro de memoria, que rematou cunha merenda para todas


as persoas que participaron. A entidade tamén participou nas festas do Entroido en A Lanzada e na organización do V Concerto Solidario en beneficio de ANDURIÑA, no que actuou o grupo de folk de O Grove

Firrás. Durante o Día Internacional das Persoas con Discapacidade deron a coñecer a entidade a través dunha acción na que repartiron bollígrafos na rúa a transeúntes. O ano rematárono cun obradoiro de arranxos florais.

Handwritten signatures and scribbles in blue ink are present on the left side of the page, including a large signature at the top left and several smaller ones below.

Handwritten signatures and scribbles in blue ink are present on the right side of the page, including a large signature at the top right and several smaller ones below.

Handwritten signatures and scribbles in blue ink are present at the bottom of the page, including a large signature in the center and several smaller ones to the right.





**Santiago (sede central)**

Rúa Modesto Brocos, nº7, baixos  
15704 Santiago de Compostela  
A Coruña  
Tlf: 981 574 698  
Fax: 981 105 061  
correo@cogami.gal  
www.cogami.gal

**Galega de Economía Social**

Parque Empresarial Costa Vella  
República Checa, nº17  
15707 Santiago de Compostela  
A Coruña  
Tlf: 981 519 026  
ges@galegadeeconomiasocial.gal  
www.galegadeeconomiasocial.gal

**A Coruña**

Edificio A Milagrosa  
Avda. de Cádiz, nº1, 1º andar, local 2  
15008 A Coruña  
Tlf: 981 231 105  
silcoruna@cogami.gal

**Lugo**

Centro Fingoi  
Rúa da Luz, nº4,  
27002 Lugo  
Tlf: 982 253 332  
sillugo@cogami.gal  
crd.fingoi@cogami.gal

**Ferrol**

Rúa Sánchez Calviño, nº56-58  
15404 Ferrol  
A Coruña  
Tlf: 981 325 568

**Centro Mos**

Avda. do Rebullón, s/n, Puxeiros  
36416 Mos  
Pontevedra  
Tlf: 986 487 925  
crd.mos@cogami.gal

**Pontevedra**

Rúa da Cruz Vermella, nº16, baixo  
36002 Pontevedra  
Tlf: 986 863 709  
silpontevedra@cogami.gal

**Centro Monteporreiro**

Rúa Alemaña, nº 23, baixo  
36162 Pontevedra  
Tlf: 986 845 250  
crd.monteporreiro@cogami.gal

**Vigo**

Rúa Teixugueiras, nº15, baixo  
36212 Navia-Vigo  
Pontevedra  
Tlf: 986 281 893  
silvigo@cogami.gal

**Centro Medelo**

Manduas - Lugar de Medelo, s/n  
36570 Bandeira - Silleda  
Pontevedra  
Tlf: 663 940 759  
crd.silleda@cogami.gal

**Ourense**

Centro Integral Aixiña  
Rúa Farixa, nº 3B, baixo  
32005 Ourense  
Tlf: 988 246 057  
silourense@cogami.gal



Handwritten signatures and scribbles in blue ink are scattered across the page, including a large signature on the left side and several smaller ones at the bottom.



X

Victor L.M.

~~Handwritten signature~~

~~Handwritten signature~~

Handwritten signature

~~Handwritten signature~~

Handwritten signature

**COGAMI**

~~Handwritten signature~~

Handwritten signature

Handwritten signature

~~Handwritten signature~~


Handwritten signature  
H. Comar Fer

Handwritten signature



## ENTIDADES FINANCIERAS

*[Handwritten signature]*



*[Large vertical handwritten signature]*

*[Large handwritten signature]*

*[Handwritten signatures and notes at the bottom of the page]*



~~Handwritten signature~~

~~Handwritten signature~~

Diego Linares

~~Handwritten signature~~

~~Handwritten signature~~

Handwritten initials

Handwritten signature

Handwritten signature

~~Handwritten signature~~

Handwritten signature

Handwritten signature

Handwritten signature

M<sup>ca</sup> Conserje

~~Handwritten signature~~